



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA, LINGUA
E XUVENTUDE

MEMORIA

DAS ACTUACIÓN S DA SXL RELATIVAS AOS EQUIPOS DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA DOS CENTROS EDUCATIVOS-CURSO 2023-2024



ÁMBITO: INFORMACIÓN E ASESORAMENTO AOS EDLG DOS CENTROS EDUCATIVOS

1 Reunións informativas coas persoas coordinadoras dos equipos de dinamización da lingua galega

Cada curso académico prográmase unha serie de reunións no 1º trimestre en diferentes localidades de cada provincia para informar as persoas que asumen a función de coordinación dos EDLG por primeira vez. Tamén poden asistir as xa nomeadas con anterioridade que desexen aclarar dúbidas ou actualizar a información. Nelas, transmítenlles información sobre as súas funcións, sobre as convocatorias e programas máis relevantes (proxectos de fomento, proxectos de innovación educativa en dinamización lingüística, Proxectos Antonio Fraguas Fraguas, Nós tamén creamos! etc.), sobre a lexislación vixente etc. Previamente, informan os centros dos lugares e datas en que se van realizar para que o persoal coordinador poida asistir ás da súa provincia ou ás doutras.

No curso 2023-2024, realizáronse as seguintes reunións presenciais

| A CORUÑA | | |
|------------------------|-----------------------------------|--|
| FERROL | mércores, 18 de outubro (18:30 h) | CFR Ferrol Rúa O Galego Soto, s/n Ferrol |
| SANTIAGO DE COMPOSTELA | xoves, 26 de outubro (18:30 h) | CAFI Santiago Lamas de Abade, s/n Santiago de Compostela |
| A CORUÑA | mércores, 25 de outubro (18:30 h) | Edificio Administrativo de Monelos Rúa Vicente Ferrer, 2 A Coruña |
| LUGO | | |
| BURELA | xoves, 26 de outubro (18: 00) | CFR Sección de Burela Rúa Correo, 3 Burela |
| MONFORTE DE LEMOS | mércores 25 de outubro (18: 00) | CFR Sección de Monforte (Aula informática, edificio EOI) Rúa Calvo Sotelo, 65, 1º Monforte |
| LUGO | xoves, 2 de novembro (18:00 h) | CFR Lugo Rúa Yáñez Rebolo, 31 Lugo |



| OURENSE | | |
|--------------------------|--------------------------------------|---|
| VERÍN | mércores, 26 de outubro (17:30 h) | CFR Verín IES Taboada Chivite Avda. de Portugal, 116 32600 Verín |
| OURENSE | mércores, 25 de outubro (18:30 h) | Edificio administrativo da Xunta en Ourense (Casa de Chocolate, salón de actos) Avda. da Habana, 79 32071 Ourense |
| O BARCO DE VALDEORRAS | Xoves, 19 de outubro (17:00 h) | CEIP Plurilingüe Julio Gurriarán Rúa Lugo, 2 32300 O Barco de Valdeorras |
| PONTEVEDRA | | |
| CALDAS DE REIS | luns, 16 de outubro (18:00 h) | CPI Alfonso VII Rúa José Salgado, 18 36650 Caldas de Reis |
| PONTEVEDRA | mércores, 18 de outubro (18:00 h) | CFR Pontevedra (Aula 1º andar) Rúa Celso Emilio Ferreiro, 4 36005 Pontevedra |
| VIGO | mércores, 25 de outubro (18:00 h) | Edificio administrativo da Xunta en Vigo, Rúa de Concepción Arenal, 8 36201 Vigo |

2 Visitas e asesoramento das coordinadoras de área aos centros educativos

As coordinadoras territoriais, por iniciativa propia ou en resposta á solicitude dos centros, desprázanse con frecuencia para labores de asesoramento (en especial relativas á xestión das convocatorias de proxectos de fomento e dos PIDL) ou para asistir a actos relacionados cos EDLG etc. Procuran, sempre que sexa posible, visitar os de lugares próximos no mesmo día e avisar da visita con antelación. Así mesmo, tamén realizan moi a miúdo o asesoramento por vía telemática e telefónica ou ben de forma presencial nos gabinetes respectivos.

Nestes contactos, transmiten información e atenden consultas sobre diversos temas (actuacións da Secretaría Xeral da Lingua, axudas e subvencións para os proxectos de fomento do uso do galego, lexislación dos EDLG, proxectos lingüísticos de centro, certames e materiais do Día das Letras Galegas, envío de contactos para realizar actividades dinamizadoras, intercambio de información sobre actuacións que desenvolven os EDLG, proxectos de innovación educativa en dinamización lingüística, premios Nós tamén creamos!, Proxectos Antonio Fraguas Fraguas, programa 21 días co galego e +, novos recursos e materiais, exposicións etc.). No caso de centros con proxectos de fomento ou PIDL máis frouxos, as visitas fanse máis necesarias.



Este curso, o número de visitas presenciais aumentou. Porén, o labor de asesoramento tamén se seguiu a realizar a miúdo de forma telefónica ou telemática, mesmo con videochamadas, pois durante os tempos da covid-19 mostrouse como unha vía axeitada para resolver moitas dúbidas.

| NÚMERO DE EDLG VISITADOS/ASESORADOS DE FORMA PRESENCIAL | |
|---|----|
| A CORUÑA | |
| | 45 |
| LUGO | |
| | 16 |
| OURENSE | |
| | 30 |
| PONTEVEDRA | |
| | 25 |

3 Asesoramento e transmisión de información aos centros educativos

As coordinadoras envíanlles mensaxes electrónicas aos equipos directivos dos centros educativos e ao profesorado que realiza as funcións de coordinación dos EDLG. Son moi importantes, pois nelas transmiten información sobre actuacións da SXL (convocatorias de axudas e subvencións para os proxectos de fomento, de PIDL, NTC!, proxecto Antonio Fraguas e outros programas, certames tanto das institucións como dos EDLG dos centros, novos recursos e materiais publicados no Portal, actividades dos EDLG, iniciativas da RDL etc.), orientan e resolven dúbidas e serven de canle de comunicación entre a SXL e os centros. Procúrase que sexan comúns para as catro provincias, sempre que sexa posible. Este ano escolar, Isabel Valiño encargouse de elaborar os textos dos correos, co apoio de Pura Galán para a redacción final.

No comezo de curso, a coordinadora central solicita as listaxes novas das persoas coordinadoras dos EDLG; mentres aínda non chegan ou non están completas, estas mensaxes remítenllas ao equipo directivo, coa solicitude de que lleas reenvían á persoa coordinadora e ao profesorado.

Cando chegan as listas novas, as coordinadoras envíanlles os correos ás persoas coordinadoras e ao equipo directivo simultaneamente. Porén, moitas veces fican aí e estes non llos reenvían ao resto do profesorado, ou ao profesorado interesado nalgún tema, nin sequera ao Departamento de Galego ou aos demais membros do EDLG. Considérase conveniente suxerirlles que o fagan con todas as mensaxes, xa que a dinamización da lingua non só é cousa do EDLG e da dirección.



ÁMBITO: CONVOCATORIAS DE AXUDAS E SUBVENCIONS

1 Proxectos de fomento do uso do galego para centros de titularidade pública e privados

Curso 2023-2024

| AXUDAS AOS PROXECTOS DE FOMENTO. CENTROS PÚBLICOS 2023-2024 | | | | | |
|---|---------------------------------|-----------------------|---------------------|---------------------|---|
| Orde do 28 de decembro de 2023 (DOG nº 10 do 15.01.2024) | | Proxectos presentados | Proxectos admitidos | Proxectos excluídos | Máximas (nome do centro, concello, contía) |
| Dotación: 350.000 € Resolución do 11 de xuño de 2024 (DOG do 20.06.2024) | A Coruña Dotación: 134.623 € | 330 | 330 | 0 | 12 IES do Milladoiro (Ames) 23,50 / 916 € CEIP Raquel Camacho (A Coruña) 23,50/ 895 € IES David Buján (Cambre) 22,50 / 873 € CPI Plurilingüe Virxe da Cela (Monfero) 22,50 / 840 € IES Rafael Dieste (A Coruña) 22 / 882 € CEIP Plurilingüe do Camiño Inglés (Oroso) 22 / 835 € CPI As Mirandas (Ares) 22 / 869 € IES Félix Muriel (Rianxo) 22 / 875 € IES Antonio Fraguas Fraguas (Santiago de Compostela) 22 / 902 € CEIP de Sigüeiro (Oroso) 22 / 855 € CEIP da Ramallosa (Teo) 22 / 855 € IES de Melide (Melide) 22 / 869 € |
| | Lugo | 116 | 116 | 0 | 4 IES Perdouro, Burela (913 €) IES Becerreá, Becerreá (844 €) CEIP Illa Verde, Lugo |



| | | | | | |
|--|--|-----|-----|---|---|
| | | | | | (873 €) CEIP Gregorio Sanz, Ribadeo (900 €) |
| | Ourense Dotación: 31.197€ | 81 | 79 | 2 | 4 IES Num. 1 (O Carballiño) 700 € IES Xesús Taboada Chivite (Verín) 895 € IES Lagoa de Antela (Xinzo de Limia) 884€ CEIP O Couto (Ourense) 855€ |
| | Pontevedra 138.281€ | 333 | 332 | 1 | 12 IES Plur. Aquis Celenis (Caldas de Reis) CEIP Pérez Viondi (A Estrada). CEIP Plurilingüe de Oca (A Estrada) CEIP Enrique Barreiro Piñeiro (Cambados) CEIP de Quintela (Moaña) IES Armando Cotarelo Valledor (Vilagarcía de Arousa) CEIP de Laredo (Redondela) CEIP Plurilingüe Nosa Señora da Piedade (Vila de Cruces) CEIP Vicente Risco (Vigo) IES Marco do Camballón (Vila de Cruces) CEIP Espiñeira-Aldán (Cangas) CEIP de Ardán (Marín) |

| SUBVENCÍONS AOS PROXECTOS DE FOMENTO. CENTROS PRIVADOS 2023-2024 | | | | | |
|--|-----------------------------|-----------------------|---------------------|---------------------|-----------------------------------|
| Orde do 28 de decembro de 2023 (DOG nº 10 do 15.01.2024) | | Proxectos presentados | Proxectos admitidos | Proxectos excluídos | Máximas |
| | A Coruña 14.272 € | 42 | 42 | 0 | 1 CPR Ludy (Ferrol) 22 / 722 € |



| | | | | | |
|--|-------------------------------|----|----|---|---|
| Dotación: 35.000 € Resolución do 27 de xuño de 2024 (DOG do 05.07.2024) | Lugo 4.403 € | 12 | 12 | 0 | 1 CPR Promotora Educativa Lucense Galén, Lugo (748 €) |
| | Ourense 5.046 € | 13 | 13 | 0 | 1 CPR Plurilingüe M ^a Auxiliadora (Ourense), 828 € |
| | Pontevedra 11.279 € | 39 | 39 | 0 | 1 CPR Eduardo Pondal (Cangas), 768 € |

As coordinadoras territoriais, como parte das comisións de valoración provinciais, realizaron o labor de recollida e análise de datos dos proxectos e a avaliación da parte técnica, coas correspondentes reunións das comisións.

Entre as moitas suxestións que resultan tras a avaliación dos proxectos, indico a seguir algunhas delas:

-É moi importante conseguir que as puntuacións dos proxectos sexan uniformes e que as comisións de todas as provincias puntúen os proxectos da mesma maneira, sen disparidades (p. e., que cada tipo de actividade se puntúe no mesmo apartado, cos mesmos puntos). Por ese motivo, cómpre realizar sesións de análise e unificación de criterios antes da avaliación e, así mesmo, revisar cada ano a táboa de criterios para actualizala e realizar as modificacións que se consideren oportunas (a táboa pública, antes da publicación da convocatoria e, logo, antes de comezar o labor das comisións, a táboa detallada de uso interno). Convén acordar o número de máximas que se conceden cada ano en cada provincia.

-Os centros reclaman unha maior dotación orzamentaria destinada aos EDLG. Así mesmo evidencian que nos proxectos non se teñan en conta as actividades do 1º trimestre: aseguran que non poder incluír na xustificación económica as facturas deste período ten tamén como consecuencia a acumulación de actuacións no 2º e no 3º trimestres, e a dinamización da lingua comeza co curso escolar. Cumpriría analizar a viabilidade de incluír en cada proxecto o 2º e 3º trimestres dun curso e o 1º do seguinte.

-Outras queixas abordan a tardanza na data de resolución das axudas: esta foi o 11 de xuño, co curso xa rematado, co que ao longo do período escolar os centros non sabían con que asignación contaban para realizar os seus proxectos. Isto provoca desmotivación e desleixo respecto da realización das actividades, como se pode observar nas memorias, pola previsión de que non van contar con suficiente financiamento para desenvolverlas.

-Respecto do traballo burocrático de elaboración do proxecto e da memoria, considéranos demasiado para os resultados finais. Tamén cumpriría reconsiderar os criterios de puntuación e a correspondencia entre estes e o importe económico.



ÁMBITO: CONCURSOS

1 Concurso-exposición Letras Galegas

| 2023-2024: LUÍSA VILLALTA | |
|---|--|
| Convocatoria do 16 de outubro de 2023 Prazo límite de presentación: 19 de xaneiro de 2024 | 4 proxectos presentados - 1 da categoría A - 3 da categoría B Proxectos segundo o tipo de centro: CEIP (1), IES (2), CIFP (1) |
| Resolución do 23 de febreiro de 2024 Acto de entrega de premios: Cat. A: 2 de maio, CEIP Raquel Camacho, da Coruña Cat. B: 10 de maio, CIFP A Carballeira – Marcos Valcárcel, de Ourense | Categoría A: <i>Luísa Villalta: tatuada na pétrea pel do mar</i> , do CEIP Raquel Camacho, da Coruña Categoría B: <i>Viaxe polo metaverso con Luísa Villalta</i> , do CIFP A Carballeira-Marcos Valcárcel, de Ourense |

Para estimular a participación, desde o curso 2017-2018 ofrécese unha certificación de primeiro premio de innovación educativa para o profesorado participante nos proxectos gañadores. No último curso o número de centros volveu ser reducido, probablemente por descoñecemento da figura homenaxeada (mais tamén porque, de facerse con rigor, implica dedicarlle moitas horas), o que nos levou a escoller un único centro en primaria. A isto engádese o feito de que o grande esforzo que supón realizar estes traballos, no caso de non seren premiados, non ten ningún tipo de recompensa. Verbo disto, precisamente recibimos na SXL unha queixa do IES Monelos —un dos centros que se presentou ao concurso e que non resultou gañador— na que trasladan que “o traballo desenvolvido leva suficiente dedicación como para ser recoñecido cun mínimo de horas de formación”, e que para estimular actividades de dinamización coma esta nos centros educativos nun futuro “debería contemplarse a posibilidade de que todos os presentados a concurso se valorasen con horas formativas, independentemente de que fosen ou non gañadores”. Traslados a suxestión, que nos parece xusta, á Dirección Xeral de Ordenación e Innovación educativa, o órgano encargado de emitir as certificacións, mais a súa resposta foi contraria á petición.

A coordinadora central realizou un asesoramento directo aos centros gañadores, co fin de revisar as exposicións e mais as guías didácticas e outros materiais complementarios (blogs...) e preparalos para a posterior edición física e dixital; esta última publicouse no Portal da Lingua galega, antes do 17 de maio, para que todos os centros de ensino e outras entidades tivesen acceso a elas para esas datas. Un ano máis, a gran cantidade de horas dedicadas á edición e corrección dos traballos premiados resulta esgotador: os docentes non están polo labor de mudar nada, non entenden que son necesarias unhas mínimas correccións para un traballo que vai chegar a todos os centros educativos, malia seren avisados no primeiro contacto



entre a coordinadora central e os coordinadores dos centros gañadores. Eles consideran que se está a desvirtuar o proxecto orixinal e dende a Secretaría non podemos permitir que se publiquen sen un mínimo de calidade lingüística, técnica ou estética.

Realizáronse tamén os envíos dos materiais a todos os centros educativos, concellos, centros de estudos galegos e outras entidades. Houbo algunhas incidencias debidas a que o servizo de mensaxería facía as entregas polas tardes, cando non hai horario lectivo e os centros están pechados; noutros casos as exposicións non chegaron ou fixérono con atraso. Pero o máis preocupante é que foron varios os centros do exterior aos que non chegou, como París, Baía, Sao Paulo, Río de Xaneiro, Alacante, País Vasco, Algarve... Cómpre tratar este tema coa empresa adxudicataria da impresión e distribución.

Por outra parte, tamén se realizaron os actos de entrega de premios e diplomas nos centros gañadores.

Coma en todas as edicións, a Empresa Vegalsa-Eroski elixiu un dos carteis (o 1º da exposición de primaria, nesta ocasión) para colocar nas súas cadeas de supermercados.

2 Colaboración en certames, concursos e premios dos centros de ensino

As coordinadoras colaboran na difusión de información sobre concursos e premios dos centros de ensino (a través do Portal da lingua galega e de mensaxes electrónicas, sobre todo no caso dos que teñen alcance autonómico), asisten aos actos de entrega de premios e mesmo colaboran na organización ou no proceso de selección nalgúns casos. Ás veces, estes concursos están apoiados economicamente pola SXL.

Concurso aRi[t]mar Galiza e Portugal

O EDLG da EOI de Santiago promove desde 2016 os premios de música e poesía en galego e portugués para o mellor poema e a mellor canción en galego e en portugués entre os publicados o ano anterior, co obxecto de fomentar a competencia lingüística e divulgar a lingua e cultura de Galicia e Portugal. Os galardóns contribúen a poñer en valor o galego, ao presentalo como unha lingua con utilidade e proxección internacional, que nos permite relacionarnos cos países de fala lusófona, en consonancia coa Lei Paz Andrade.

Este certame está patrocinado pola Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude (a través da SXL e da Dirección Xeral de Cultura), a Deputación Provincial da Coruña, o Concello de Santiago de Compostela, Agrupamento Europeo de Cooperación Territorial Galicia-Norte de Portugal e o Instituto Camões-Centro cultural Portugués de Vigo.

Ademais das comunidades educativas e sociais da Escola Oficial de Idiomas de Santiago de Compostela, participan as da Facultade de Filoloxía da USC, o Instituto de Línguas e Ciéncias Humanas da Universidade do Minho (Braga), a Escola Oficial de Idiomas de Ferrol, EOI de Lugo, a EOI de Pontevedra, o Conservatorio Profesional de Música de Santiago de Compostela, o Centro Cultural Portugués de Vigo-Instituto Camões e os centros do Ensino Portugués pelo Camões en Galicia, os



centros de estudos galegos de máis de 35 universidades do exterior, os centros de ensino secundario de fóra de Galicia en que se imparte galego e o público en xeral.

| Curso 2023-2024 | IX edición |
|--|---|
| Mellor poema Galiza | "Canto segundo para un fillo non nado", de Silvia Penas |
| Mellor poema Portugal | "Há mulheres que trazem...", de Sílvia Mota Lopes |
| Mellor canción de Galiza | "Morena", de De Ninghures |
| Mellor canción de Portugal | "Na escola", de Os Quatro e Meia |
| Premio Especial do Xurado á Embaixada da Amizade Galego-Lusófona | Sociedade Desportiva e Cultural do Condado |
| Gala de entrega dos premios correspondentes á edición do curso 2023-2024: novembro de 2024 | |

[Certame de Podcast e Relato Radiofónico Xosé Mosquera Pérez, O Vello dos Contos](#)

Certame organizado polo IES Plurilingüe Rosalía de Castro de Santiago de Compostela, Arraianos Producións e o colectivo Ponte nas Ondas, coa colaboración da SXL. Tamén colaboran outras entidades como a EASD Mestre Mateo, a Fundación Rosalía de Castro, a Real Academia Galega, o Museo do Pobo Galego, a Radio Galega, a Fundación Antonio Fraguas e o Parlamento de Galicia.

O seu obxectivo é divulgar o labor desta singular figura do galeguismo e promover entre o alumnado a creatividade literaria e a radio en galego. Está destinado a alumnado de 5º e 6º de primaria e de todos os cursos de secundaria de Galicia e dos centros que imparten ensinanzas de réxime xeral cursadas fóra da Comunidade e centros de Portugal. A temática dos *podcasts*, dunha duración máxima de cinco minutos, debe estar vinculada co autor ou autora ao que se lle dedica o Día das Letras Galegas e/ou co patrimonio inmaterial galego-portugués. A presentación do certame e a gala de entrega de premios realízase no IES Rosalía de Castro.

Paralelamente, neste curso 2023-2024 realizáronse unha serie de obradoiros de *podcast* en varios centros educativos escollidos polas coordinadoras provinciais:

o IES de Foz (Lugo), o CEIP Plurilingüe da Ramallosa (A Coruña), o CEIP Mestre Valverde Mayo (Pontevedra) e o CEIP Plurilingüe José García García (Ourense).

A estes centros levouse tamén a exposición *O vello dos contos volve contar*, con fotos dos anos 30 e 40 do arquivo familiar de Xosé Mosquera Pérez, unha mostra itinerante que ademais percorreu outros catro centros educativos (IES Antón Losada Diéguez, da Estrada; CEIP Atín-Cela, do Porriño; CPI Plurilingüe de Vedra e



CEIP Bergantiños, ambos da Coruña) para divulgar a vida e obra deste importante persoeiro que foi a primeira estrela mediática de Galicia.

A colaboración da SXL é económica, de agasallos de libros e participación na selección, como membro do xurado, a través da coordinación central. Tamén ofrecen lotes de libros a RAG e a Fundación Rosalía de Castro. A EASD Mestre Mateo elabora as estatuas dos premios e as institucións participan como xurado.

| Curso 2023-2024- VI Certame <i>podcast</i> | |
|--|---|
| Categoría de educación primaria | 1º <i>O violino da Villalta: O outro lado da música e da literatura</i> , do CEIP Plurilingüe da Ramallosa (Teo, A Coruña) 2º <i>Concerto: Para Luísa</i> , do CEIP Mestre Valverde Mayo (Mos, Pontevedra) 3º <i>Beliscato Villalta</i> , do CEIP Atín-Cela (Mos, Pontevedra) |
| Categoría de educación secundaria | 1º <i>A culpa de todo tena Rosalía</i> , do IES de Melide (A Coruña) <i>Luísa Villalta, un ruído provocado</i> , do IES Politécnico de Vigo 2º <i>O ruído e o silencio</i> , do IES de Foz (Lugo) 3º <i>Luísa Villalta ten talento</i> , do IES Antón Losada Diéguez (A Estrada) |

Na valoración da iniciativa, tiráronse as seguintes conclusións:

É necesario deixar moi claro co responsable do certame cal é a nosa participación, e que reconsidere e se comprometa en certos aspectos: non publicar as bases antes de sabermolo nós e poder corrixilas para subilas ao Portal; transparencia nos premios, de cuxo xurado formamos parte. Para iso cómpre:

- Recoller nas bases, e indicarllo ao xurado, que serán excluídos aqueles traballos que as incumpran (como os que superen o tempo establecido).
- Tamén é imprescindible coñecer os membros do xurado e, despois, facer unha reunión virtual ou presencial para poñer en común as cualificacións (e evitar seleccionar *podcasts* que incumpren as bases ou que teñen erros graves dende o punto de vista lingüístico).
- No caso de volver financiar os obradoiros de *podcasts*, a selección dos centros seguirá a recaer sobre as coordinadoras territoriais, para que esta formación chegue cada ano a colexios diferentes.

Mostra de Entroido da Ulla

No 2023-2024 realizouse no CIFP Compostela a XI Mostra do Entroido, que, nesta ocasión, estivo centrada na celebración da localidade de Vilardevós (Ourense). Alén de participar unha ampla representación dos centros da contorna de Lamas de Abade, tamén acudiu profesorado e alumnado do CEIP Plurilingüe Rodolfo Rodríguez Núñez da localidade ourensá. A comitiva estivo acompañada pola



agrupación Abadiño Son, formación de música tradicional integrada por estudantes e docentes dos centros organizadores, e os Xenerais da Ulla, que fixeron de anfitrións dos Chocalleiros e Chocalleiras.

Concurso de Humor Gráfico Diego Peña Carro

O CPR Plurilingüe Esclavas do Sagrado Corazón de Xesús organiza este concurso destinado a alumnado de 5º de primaria a 4º da ESO de Galicia, en memoria do ex-alumno Diego Peña. A iniciativa, que xorde como parte dos festexos do Día das Letras Galegas que organiza o EDLG, pretende achegar a rapazada ao mundo da banda deseñada a través da súa expresión máis curta: o humor gráfico. As coordinadoras colaboran na divulgación da iniciativa.

No curso 2023-2024 convocouse a VII edición deste certame de humor gráfico. A SXL tamén colaborou, como nas pasadas edicións, coa doazón dos agasallos (libros de lectura adaptados ás distintas categorías premiadas).

4 Colaboración en concursos e certames, de certas entidades, para os centros de ensino

As coordinadoras divulgan información sobre concursos de diferentes entidades destinadas ao alumnado dos centros educativos, entre eles o Concurso de Microrrelatos de Feiraco, o Concurso de Novos Talentos de Coca-Cola ou a Primavera das Letras da RAG (todos eles contan con colaboración da SXL), e outros certames de interese no ámbito educativo como os Premios Mil Primaveras.

Certame Ouff Escola

Concurso anual dirixido aos centros de ensino públicos e privados, convocado polo Concello de Ourense coa colaboración da SXL, co obxectivo de impulsar o uso do idioma galego entre a mocidade, coñecer a visión desta sobre a súa contorna sociocultural e fomentar a creatividade audiovisual e o traballo en equipo, nunha linguaxe atractiva para o alumnado, que contribúa a xerar un espírito crítico. Este certame pretende, así mesmo, potenciar o uso das tecnoloxías da información e da comunicación nos centros de ensino e crear un espazo de referencia para a mostra do audiovisual feito nas aulas. Resólvese no curso seguinte a aquel no que se convoca.

A SXL colabora economicamente nesta actividade (aboa os buses para acudir á gala da entrega de premios etc.). A coordinadora da área de Ourense e a asesora Mariela Leis formaron parte do xurado que avaliou as curtas.

É importante difundir esta iniciativa a través do correo electrónico e do Portal da lingua galega para estimular a participación e conseguir que os recursos que o alumnado vai creando ao longo do curso sexan galardoados, coa consecuenta



repercusión na promoción da lingua galega. Cómpre salientar que na última edición a participación foi máis elevada talvez polo esforzo na divulgación.

| 2022-2023 | TRABALLOS INSCRITOS | TRABALLOS GAÑADORES do XIV Certame Ouff Escola |
|---|---------------------|--|
| INFANTIL e PRIMARIA | 30 | Primeiro premio: <i>A nena</i> , CEIP Manuel Villar Paramá (A Estrada, Pontevedra) Segundo premio: <i>O ceo aberto</i> , CEIP Otero Novas (Ourense) Terceiro premio: <i>O cascabel da gata</i> , CEIP Feliciano Barrera (Pontearreas, Pontevedra) Premio Blanco Amor ao mellor guión: <i>O ceo aberto</i> , CEIP Otero Novas (Ourense) |
| ESO/ BAC | 48 | Primeiro premio: <i>Moléculas</i> , CPR María Assumpta (Noia, A Coruña) Segundo premio: <i>Quen son</i> , IES Valadares (Vigo, Pontevedra) Terceiro premio: <i>O curro, mercado de Noia</i> , IES Campo de San Alberto (Noia, A Coruña) Premio Blanco Amor ao mellor guión: <i>Na biblioteca hai moita vida</i> , IES Breame (Pontedeume, A Coruña) |
| VARIOS | 1 | Sen premios |
| Límite do prazo para participar: 10.07.2023 Gala de entrega de premios: 08.11.2023 | | |
| 2023-2024 | TRABALLOS INSCRITOS | TRABALLOS GAÑADORES do XV Certame Ouff Escola |
| INFANTIL e PRIMARIA | | Pendente |
| ESO | | Pendente |
| Límite do prazo para participar: 08.07.2024 Gala de entrega de premios: pendente | | |

Premios Irmán Reboiras ás Melloras Iniciativas de Fomento do Galego

Este certame organizado por Ferega conta co apoio da SXL, tanto no plano económico como na selección dos proxectos, na que participa a coordinadora central. Na edición do curso 2022-2023, a SXL apoiou a edición dos videoclips do proxecto *Meniño Rei* do CPR Compañía de María de Ferrol, que resultou gañador ese curso.

A entrega destes premios ten lugar durante as xornadas de normalización lingüística organizadas por Ferega no mes de novembro, nas que se analiza a figura á que se lle van dedicar as Letras Galegas.



| | |
|-------------------------------|--|
| Curso 2023-2024 | Entrega na XIX Xornada de Normalización Lingüística de Ferega |
| 1º Premio Irmán Reboiras 2023 | Proxecto "Compacontos, repartindo sorrisos" do CPR Compañía de María da Coruña |
| 2º Premio Irmán Reboiras 2023 | Proxecto "Saca a lingua a pasear" do CPR Fillas de María Inmaculada de Vigo |

Concurso de Curtametraxes Rec-Curta

Actividade de potenciación e dinamización da lingua galega no ámbito do audiovisual, organizada por Ferega en colaboración coa SXL e os EDLG e destinada a alumnado de ESO, bacharelato e FP de centros pertencentes a Ferega-CECA.

| Premios Rec-Curta 2024 | Curso 2023-2024 |
|--|--|
| 1ª categoría (6º de EP; 1º, 2º e 3º ESO) | <ul style="list-style-type: none"> Mellor Película: <i>Compañía</i>, do colexio PP Franciscanos de Lugo. Mellor Guión: <i>As artes</i>, do CPR La Salle de Santiago de Compostela Mellor actuación feminina: <i>As artes</i>, do CPR La Salle de Santiago de Compostela Mellor actuación masculina: <i>Lazos de sangue</i> do Colexio María Inmaculada de Vigo Mellor uso da lingua: <i>Segredos escuros</i> do Colexio María Inmaculada de Vigo |
| Accésits | <ul style="list-style-type: none"> Accésit á mellor animación: <i>Xoán Fontes</i>, do Colexio María Inmaculada de Vigo Accésit á mellor introdución: <i>Segredos escuros</i> do Colexio María Inmaculada de Vigo Accésit aos mellores efectos especiais: <i>Whiskers cat</i> do colexio PP Franciscanos de Lugo |
| 2ª categoría (4º ESO e bacharelato) | <ul style="list-style-type: none"> Mellor película: <i>Que é o que pasa cando te achegas</i>, do colexio Divino Maestro de Lugo Mellor elenco feminino: <i>Oh, miña rula</i>, do colexio La Salle de Santiago Mellor Uso da Lingua <i>Roubo sen advertencia</i>, do colexio San Juan Bosco da Coruña. Mellor Actuación feminina, <i>Que máis dá</i>, do colexio Esclavas da Coruña Mellor Actuación masculina: <i>Todo o que podemos ser</i> do colexio San Juan Bosco da Coruña Mellores efectos especiais: <i>Autómata</i>, do colexio PP Escolapios de Monforte |



| | |
|----------|---|
| | <ul style="list-style-type: none"> Mellor Guión Orixinal: <i>Autómata</i>, do colexio PP Escolapios de Monforte |
| Accésits | <ul style="list-style-type: none"> Á mellor banda sonora inicial: <i>Oh, miña rula</i>, do colexio La Salle de Santiago Aos mellores efectos especiais: <i>Autómata</i>, do colexio PP Escolapios de Monforte Ao mellor tratamento da memoria histórica: <i>Expediente psiquiátrico</i> do colexio Santa María de Tui Ás mellores localizacións: <i>Un mar de plásticos</i> do colexio María Inmaculada de Vigo Á participación: <i>O fío vermello</i> do colexio San Juan Bosco da Coruña; e <i>A vinganza silenciosa</i> do colexio Santa María de Tui |

Concurso de Novos Talentos de Relato Curto

Iniciativa da Fundación Coca-Cola que conta coa colaboración da Secretaría Xeral da Lingua. Busca promover o desenvolvemento da expresión escrita e a lectura en lingua galega entre o alumnado de 2º da ESO e darlles visibilidade ás novas promesas da literatura galega. A coordinadora central dos EDLG colabora como membro do xurado e tamén e na elección do estímulo para a creación dos relatos.

A decisión de divulgar ou non o certame depende de que o material que presentan estea integramente en galego. Este curso 2023-2024 pedíronselle as bases que estaban cheas de erros para corrixilas e subilas ao Portal: unha vez feito o labor de revisión, os responsables decidiron que como as que estaban aprobadas ante notario eran as que tiñan erros, debían ir tal como estaban. Pola nosa banda, optamos por non subir nada ao Portal.

Neste curso 2023-2024, o certame seguiu a desenvolver a través da plataforma dixital e mantívose o estímulo colaborativo. O acto de entrega de premios realizouse no salón de actos de San Roque no mes de xuño. O premio autonómico consistiu nunha viaxe a Madrid para asistir a cursos de escritura creativa e a diversas actividades culturais e lúdicas.

| Premio autonómico de galego 2023-2024 | |
|---------------------------------------|--|
| Lugo | Teresa Hang Rigueiro Veloso, do colexio FEC San José de Lugo |
| Premios provinciais | |
| A Coruña | Daniela Pedrosa Martínez, do CPR Nosa Señora do Rosario de Arzúa |
| Lugo | Teresa Hang Rigueiro Veloso, do colexio FEC San José de Lugo |
| Ourense | Iria Puentes López, do IES As Lagoas de Ourense |



| | |
|-------------------|---|
| Pontevedra | Hugo Acosta Fernández, do CPR Santiago Apóstol de Soutomaior (Pontevedra) |
|-------------------|---|

Premio Anual Otero Pedrayo para alumnado de ESO e bacharelato

A Fundación Ramón Otero Pedrayo, co apoio da SXL, convoca o Premio Anual Otero Pedrayo para alumnos de ESO e bacharelato para contribuír ao coñecemento da personalidade do escritor entre as mozas e mozos galegos. Premia traballos escritos en lingua galega e cunha extensión máxima de 15 folios; e traballos audiovisuais (vídeo, radio...) en galego de ata 20 minutos.

| | | |
|----------------------|---|---|
| 2023-2024 | Límite do prazo para participar: 12.02.2023 | TRABALLOS GAÑADORES |
| Categoría individual | Traballos escritos ou audiovisuais alumnado ESO | O premio individual de ESO queda deserto |
| | Traballos escritos ou audiovisuais alumnado bacharelato | Lucía González Vázquez, estudante de 2º de Bacharelato no IES Otero Pedrayo de Ourense, por "Poesía e Xeografía de Bocarribeira" |
| Categoría de grupo | Traballos escritos ou audiovisuais alumnado ESO | Traballo grupal presentado baixo o pseudónimo "Araucaria", un videoxogo realizado con scratch presentado polo alumnado de 1º de ESO do IES Plurilingüe San Rosendo de Mondoñedo |
| | Traballos escritos ou audiovisuais alumnado bacharelato | Proxecto titulado "Otero Pedrayo alumno, traxectoria no centro que leva o seu nome", presentado por alumnas de 2º de Bacharelato do IES Otero Pedrayo de Ourense |
| Accésits | | <ol style="list-style-type: none"> 1. Na categoría individual a Avril Lagos González, de trece anos, que presentou unha biografía en verso de don Ramón 2. Na categoría grupal ao traballo titulado "Violencia e delito en O mesón dos ermos: brutos, bandoleiros e negreiros" presentado polos estudantes de 2º de Bacharelato do IES de Ponteceso 3. Accésit ao traballo grupal presentado baixo o pseudónimo "Ilustres dinámicos" do IES Chan do Monte de Marín |



II Premio de Oratoria en Formato *Podcast* Ramón Otero Pedrayo

A Asociación Amigos de Otero Pedrayo convocou no curso 2023-2024, coa colaboración da Secretaría Xeral da Lingua, o II Premio de Oratoria en Formato *Podcast* Ramón Otero Pedrayo, destinado a estudantes de 15 a 25 anos de idade coa finalidade de incentivar a expresión correcta e as habilidades comunicativas mediante o cultivo da expresión oral e da oratoria, con técnicas actuais para a sociedade dixital.

Pódense presentar *podcasts* e vídeos sobre temas ligados ao universo de Pedrayo como o medio natural, o territorio, o patrimonio, a historia, a xeografía, a comunicación oral ou a tradición oral. As pezas envíanse ao correo asociacion.amigos.de.otero.pedrayo@gmail.com entre o 10 de febreiro e o 25 de xullo de 2024.

A resolución do II Premio *podcast* de oratoria deste curso 2023-2024 recaeu nas seguintes persoas:

| 2023-2024 | TRABALLOS GAÑADORES |
|-----------|---|
| 1º Premio | "Galicia sostible: unha ollada ao futuro", de Saray Rodríguez Pérez |
| 2º Premio | "A pedra da poesía", de Uxía Lavandeira |
| 3º Premio | "Cousas miñas", de Ana Lestao Ben |

ÁMBITO: COLABORACIÓN EN INICIATIVAS DOS CENTROS DE ENSINO

Convivencia de educación infantil Cholo e Nela, camiño da fala

Trala paréntese da pandemia, e da man da Secretaría Xeral da Lingua, chega un novo disco de Cholo e Nela, *Cholo e Nela, camiño de ida e volta* para nenos e nenas de educación infantil, con 5 cancións que xiran arredor do Camiño de Santiago.

Despois de catro anos de parón, a convivencia Cholo e Nela volveu celebrarse o 30 de maio do 2024 no centro que a viu nacer, o CEIP Julio Gurriarán. Este ano como novidade a convivencia acollía tamén os nenos e nenas de primaria que quedaron sen a convivencia por mor da pandemia.

A partir das once da mañá multitude de escolares chegados de diferentes puntos do oriente ourensán e tamén do Bierzo, acompañados por profesores, nais e pais, comezaban a chegar ao CEIP Julio Gurriarán do Barco para participar nunha cita especialmente agardada: a XXIII Convivencia de Educación e Infantil "Cholo e Nela, Camiños de ida e volta".



Foi unha xornada moi especial para os máis pequenos na que houbo exhibicións da Garda Civil, Policía Local, GES, Bombeiros, Protección Civil e ambulancias do 061. Unha cita que aposta pola promoción dos valores culturais e patrimoniais do Camiño de Santiago, da lingua galega, as lendas, a diversidade, as habilidades sociais, as emocións..., e por suposto, a música e a diversión.

Nesta edición participaron os CEIP Julio Gurriarán, CEIP Condese de Fenosa e CEIP Otero Pedrayo do Barco, o CEIP Virxe do Camiño de Rubiá, o CPI Tomás Terrón Mendaña de Sobradelo, o CEIP Casaio (Carballeda de Valdeorras), os CEIP Manuel Respino e CPR Pablo VI-Fátima da Rúa, o CEIP O Bolo, o CEIP Vilariño de Conso, o CEIP de Manzaneda, o CEIP Manuel Bermúdez Couso de Trives e o Colexio de Cubillos del Sil (León).

Máis de mil persoas, entre adultos e nenos, participaron na convivencia Cholo e Nela 2024. Foron 700 os estudantes de infantil e primaria que acudiron a esta cita, en todo momento supervisada polos preto de 300 pais e profesores.

ÁMBITO: PROGRAMAS E PROXECTOS

1 Proxectos de innovación educativa en dinamización lingüística

Coa finalidade de fomentar o desenvolvemento de proxectos educativos innovadores no eido do emprego da lingua galega, que se alicercen na mellora da práctica profesional, do resultado do proceso educativo e que provoquen un impacto duradeiro, a SXL e mais a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa presentan anualmente a convocatoria para a realización de proxectos de innovación educativa en dinamización lingüística, dirixida aos centros docentes de titularidade pública de Galicia.

De entre os proxectos presentados, a Comisión de Valoración selecciona cinco, que reciben a consideración de excelentes, unha dotación económica de 2.000 € e apoio e asesoramento das coordinadoras da SXL. As súas experiencias difúndense a través da rede e da páxina web de Política Lingüística. O profesorado participante nos 5 proxectos galardoados recibe unha certificación de primeiro premio de innovación educativa.

No curso 2016-2017, incluíronse por primeira vez como programa no Plan Proxecta, que ofrece unha certificación de innovación educativa para o profesorado. Os centros admitidos en Proxecta teñen a obriga de se presentaren á convocatoria, que está aberta tamén a centros de fóra do plan. A partir do curso 2023-2024 acordouse que o límite de proxectos admitidos polo Plan Proxecta pasaría de 20 a 25.

As coordinadoras asesoran os centros inscritos en Proxecta (e tamén os participantes do concurso na modalidade libre que o solicitan), de forma presencial e telefónica ou telemática; participan na selección de solicitudes do programa, realizan as memorias de valoración e forman parte da comisión que selecciona os



cinco proxectos gañadores. A coordinadora central descarga todos os proxectos do Rexel, comproba a documentación, revisa as solicitudes, avalía as memorias e, como membro da comisión de selección, realiza o informe técnico co apoio das coordinadoras. Unha vez seleccionados os cinco gañadores, estes son publicados no Portal da lingua galega, previa revisión e edición por parte da coordinadora central, que así mesmo comproba as memorias e xustificación dos gastos dos premiados.

| CURSO 2023-2024 | | |
|----------------------------|---|---|
| | Datos de participación | |
| Total | Centros no Plan Proxecta | Centros fóra do Plan Proxecta |
| 41 proxectos | 22 | 18 |
| 47 centros | 12 da provincia da Coruña 3 da provincia de Lugo 2 da provincia de Ourense 5 da provincia Pontevedra | 5 da provincia da Coruña 5 da provincia de Lugo 1 da provincia de Ourense 7 da provincia Pontevedra |
| Convocatoria 12.12.2023 | do | <ul style="list-style-type: none"> • <i>Aquí tamén se fala</i>, do IES Plurilingüe Rafael Dieste. A Coruña • <i>Non só é lume 2</i>, do IES A Cachada. Boiro (Pontevedra) |
| Resolución 21.06.2024 | do | <ul style="list-style-type: none"> • <i>Fai un trato co galego</i>, do CEIP de Prácticas López Ferreiro. Santiago (A Coruña) • <i>Abrazando a diversidade lingüística</i>, do CEIP Plurilingüe de Tenorio. Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) • <i>A memoria das palabras</i>, do IES Fontem Albei. A Fonsagrada (Lugo) <p>Mencións de honra:</p> <ul style="list-style-type: none"> • <i>Son das flores, música para a transformación</i>, do CEIP Vicente Risco de Vigo (Pontevedra) • <i>PaliqueóchoEU</i>, do CEE María Mariño (A Coruña) |

Algunhas reflexións e suxestións sobre os PIDL:

-Como o seu nome indica, son "proxectos" que moitas veces non se chegan a desenvolver na súa totalidade, ofrecendo propostas e actividades que non se realizan. Dáse o paradoxo de que estamos premiando uns plans de dinamización dos que nalgúns casos temos poucas ou ningunha evidencia da súa realización.

-Talvez sexa conveniente reconsiderar estes premios, datas de convocatoria e resolución, e valorar non os mellores proxectos, senón as mellores memorias: por unha parte, a cualificación sería máis obxectiva, en función dos resultados e dos produtos finais e, por outra, habería máis tempo para realizar o labor de valoración, pois este coincide cun período de gran carga de traballo, no que as coordinadoras de área están ocupadas cos proxectos de fomento e a central co Concurso das Letras Galegas.



2 Nós tamén creamos!

A SXL puxo en marcha en 2010-2011 o **programa** Nós tamén creamos! para incrementar o uso do galego entre as xeracións máis novas e fomentar a súa presenza nos centros de educación infantil e primaria a través da creatividade e da incorporación das TIC nas aulas, máis en concreto, mediante a creación de curtametraxes en galego. Inclúe unha dotación de libros infantís en galego para cada centro seleccionado, así como formación e asesoramento ao profesorado para que poida realizar co alumnado curtas de animación coa técnica de *stop motion* baseadas nos libros proporcionados. No curso 2013-2014, o programa foi incluído no Plan Proxecta e ampliou a formación docente, que pasou a ser anual, con parte presencial e parte online, para os centros admitidos. A coordinadora central realiza a xestión deste programa (revisión de solicitudes, selección dos libros, revisión dos contidos do curso, avaliación de memorias...) e, xunto coa coordinadora de apoio, participa na comisión de selección.

Desde o ano lectivo 2011-2012, a SXL convoca anualmente o **concurso** Nós tamén creamos!, asociado ao programa, para centros de titularidade pública. Establece catro categorías: educación infantil, 1º e 2º de primaria, 3º e 4º de primaria e 5º e 6º de primaria.

Nós tamén creamos! desenvólvese en colaboración con OQO Editora e a Compañía de RTVG. As curtas premiadas publícanse no web da SXL e no da CRTVG. Grazas á colaboración coa CRTVG, estas curtas de animación podían verse na aplicación Xabarán desta entidade e na sección infantil da súa canle, e por iso teñen un efecto aínda máis positivo na promoción da lingua galega, que non se restrinxe ao ámbito de cada centro, senón que chega a un público moito máis amplo, mesmo de fóra da Comunidade Autónoma. Por outra parte, o centro gañador na modalidade de 3º e 4º cursos de primaria ten a posibilidade de participar no Festival de Cans.

Como novidade, no curso 2022-2023 acordouse conceder un accésit, de ser o caso, para cada categoría. No curso 2023-2024 incorporouse outra mudanza: ampliar o número de categorías cunha cuarta, para 5º e 6 de educación primaria. Solicitouse da CRTVG un premio (un televisor) para a nova categoría e un premio menor para cada accésit, que se sumarán aos premios da editorial.

| CURSO 2023-2024 | | |
|-----------------------------|--|-------------------------------|
| | Datos de participación | |
| Total | Centros no Plan Proxecta | Centros fóra do Plan Proxecta |
| 24 curtas | 21 centros | 6 centros |
| Convocatoria: 07.11.2023 | Centros gañadores: | |
| Resolución: 27.06.2024 | <u>Categoría 1:</u> 2º ciclo de educación infantil <i>Caracola</i> , do EEI do Vao, Poio (Pontevedra) | |
| | Accésit: <i>Quen levou o pemento de Padrón</i> , dos EEI da Escravidude, Pontecesures, Arretén e Extramundi de Arriba, Padrón (Pontevedra) | |
| | <u>Categoría 2:</u> 1º e 2º cursos de educación primaria | |



| | |
|--|--|
| | <ul style="list-style-type: none">• <i>Quen levou a Lúa?</i>, do CEIP Carlos Casares de Nigrán (Pontevedra) |
| | <p><u>Categoría 3:</u> 3º e 4º cursos de educación primaria</p> <ul style="list-style-type: none">• <i>Quen levou a Lúa?</i>, do CEIP A Igrexa-Calo, Teo (A Coruña) <p>Accésit: <i>Chocolata</i>, do CEIP Plurilingüe Condese de Fenosa, do Barco de Valdeorras (Ourense)</p> |
| | <p><u>Categoría 4:</u> 5º e 6º cursos de educación primaria</p> <ul style="list-style-type: none">• <i>O que ten que aprender un cempés</i>, do CEIP Viñagrande-Deiro, de Vilanova de Arousa (Pontevedra) <p>Accésit: <i>A sopa queima</i>, do CEIP Ramón Otero Pedrayo, da Laracha (A Coruña)</p> |

Suxestións: A CRTVG fixo mudanzas no seu web e desapareceron todas a curtas de anos anteriores; agora mesmo só figuran as premiadas na última edición e algunha máis. Isto lévanos a recuncar na proposta feita en numerosas ocasións polos membros de OQO, que suxiren abrir un espazo propio no noso Portal da lingua que lles dea máis visibilidade a estes traballos e que non teñamos que depender de terceiros.

Así mesmo, propoñemos que a curta que debería acudir ao festival de Cans debe ser a que a Comisión de Valoración considere a mellor.

É preciso adiantar a convocatoria e que os premios se resolvan antes do remate do curso, pois no curso seguinte poida que tanto os rapaces coma os docentes que participaron no programa xa non estean no mesmo centro.

3 Proxecto Didáctico Antonio Fraguas

O proxecto didáctico Antonio Fraguas é unha iniciativa encamiñada á realización de pescudas sobre o patrimonio galego nos centros escolares de Galicia. O ámbito temático abrangue un ou varios dos seguintes campos: etnografía, antropoloxía, xeografía, historia ou arte da contorna inmediata do centro. Un capítulo do traballo dedícase a abordar algún aspecto lingüístico (toponimia, antroponimia, léxico, fraseoloxía...) vinculado ao tema proposto. Valóranse as accións que fomenten a educación en igualdade e/ou o coñecemento do patrimonio material e inmaterial relacionado cos camiños de Santiago. Conta co apoio da SXL e está recoñecido pola Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional como proxecto de innovación educativa incluído no Plan Proxecta.

De forma paralela, convócanse, cunha periodicidade bianual, os **premios** do proxecto didáctico Antonio Fraguas, organizados pola Fundación Antonio Fraguas Fraguas co apoio da SXL e dotados con 7.000 € para cada centro galardoado.



| CURSO 2023-2024 | PROXECTOS PREMIADOS |
|-----------------------------------|---|
| Categoría de educación primaria | <i>Viva o entroido vivo. Lingua, festa e comunidade</i> , do CEIP Lamas de Abade, CEIP Apóstolo Santiago (Santiago) e CEIP Pérez Viondi (A Estrada) |
| Categoría de educación secundaria | <i>A sustentabilidade das artes de pesca a través do proceso de encascado de redes: o caso de Burela</i> , do IES Monte Castelo (Burela) |

4 Programa 21 días co galego e +

21 días co galego e + é un programa promovido pola Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, a través da SXL, co fin de promover o uso do galego oral dentro e fóra dos centros de ensino, de acordo co Plan de dinamización da lingua galega na mocidade. Baseado nos 21 días que se consideran necesarios na adquisición dun hábito, naceu no IES da Pobra do Caramiñal, da man da profesora Pilar Ponte, co obxectivo de perfeccionar a competencia do alumnado e promover a reflexión individual sobre os usos lingüísticos propios. O alumnado que participa adquire o compromiso de vivir tres semanas usando a lingua galega en todos os ámbitos, reflexionando sobre o que esa práctica significa e contando a súa experiencia en vídeos ou *podcasts*. En 2015, recibiu un premio de innovación educativa en dinamización lingüística e o curso seguinte sumouse o alumnado do CPR Fogar de Santa Margarida da Coruña e recibiu o primeiro acto de recoñecemento da Real Academia Galega a unha actividade educativa.

No **curso 2018-2019**, a SXL decidiu expandir a iniciativa e creou un programa experimental para 4 centros de ensino secundario de cidades ou vilas moi castelanizadas (máis necesitadas de iniciativas de dinamización da oralidade): o IES Pontepedriña de Santiago de Compostela; o IES Antón Alonso Ríos de Tomiño; o IES Otero Pedrayo de Ourense; e o IES Francisco Daviña Rey de Monforte de Lemos.

No 1º trimestre, despois da selección dos centros realizada polas coordinadoras, créronse contas nas RR SS e o blog <https://blogs.xunta.gal/21diascogalegoemais/>, deseñouse a marca e o logo e preparáronse os carteis, as camisetas e chapas de agasallo para todos os participantes. Os centros crearon os materiais para o blog dos 21 días de forma colaborativa. A 2ª fase, de aplicación do programa en cada centro de ensino, realizouse do 14 de xaneiro ao 3 de febreiro. Iniciouse un acto de presentación no IES de Pontepedriña e rematou con outro de clausura no de Tomiño. Na 3ª fase, os centros entregaron os mellores vídeos realizados polo alumnado.

Nesa edición, participaron 95 docentes e 1.316 alumnas e alumnos de 12 a 18 anos dos catro institutos. No blog [21diascogalegoemais.gal](https://blogs.xunta.gal/21diascogalegoemais.gal), pensado para difundir as creacións dos centros participantes, cada día, unha entrada indícalles aos rapaces e rapazas as tarefas que deben realizar (incluídas as gravacións onde deixarán constancia das súas reflexións sobre a experiencia). A iniciativa espallouse a



través das contas do programa nas redes sociais e na Xornada InquEdu os centros amosaron os materiais creados.

O impacto da actividade nas redes foi moi elevado: o blog foi seguido por unha chea de adolescentes; a canle de YouTube rexistrou unhas 15.500 reproducións dos vídeos; Instagram acadou máis de 300 seguidores; a páxina en Facebook foi visitada por 7.634 persoas (e houbo 4.758 interaccións entre o público e a páxina), e o alcance da de Twitter elevouse ata as 14.900. Nos medios máis convencionais (prensa, TVG, Radio Galega, TVE), a repercusión tamén superou todas as expectativas.

A iniciativa recibiu o Premio Rosalía de Castro de Lingua da Deputación da Coruña.

En maio do 2019 desenvolveuse a Xornada InquEdu, unha xeira de confraternización na Cidade da Cultura na que o alumnado mostrou obras de teatro, cancións etc. Tamén asistiu un grupo de alumnas e alumnos do IES da Pobra do Caramiñal que participou fóra do programa.

Na avaliación, as coordinadoras dos centros mostraron a súa satisfacción polo éxito dos 21 días, mais tamén insistiron no enorme esforzo que supuxera. Recomendaron incentivar os institutos cunha dotación económica para poderen mercar o material necesario, con obradoiros de audiovisual ou mediante unha certificación de horas de formación ou unha redución de gardas ou titorías para as persoas coordinadoras.

No **curso 2019-2020**, incrementouse ata 10 o número de centros. Como novidade, ademais dos carteis, camisetas e chapas, cada centro recibiu unha dotación de 1.000 € para desenvolver o programa (procedente da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, e da SXL no caso do CPR) e un obradoiro audiovisual.

O secretario xeral de Política Lingüística presentou os 21 días en múltiples foros, entre eles en Bruxelas, e o programa foi obxecto nesta edición dos seguintes recoñecementos:

- Entrega do Premio da Cultura Galega de Lingua 2019 a Pilar Ponte polo seu programa 21 días co galego e +.
- Entrega do X Premio de Lingua Rosalía de Castro á Promoción da Lingua Galega na infancia e mocidade 2019.
- 21 días co galego foi finalista nos Premios da Gala do Libro Galego 2020 dentro dos Premios a traxectorias (categoría de iniciativa cultural ou fomento da lectura).

No curso 2020-2021, malia a pandemia, a Secretaría Xeral de Política Lingüística seguiu a apostar pola dinamización da lingua galega entre a mocidade e mantivo o programa noutros 10 centros educativos das catro provincias. Novidades:

- O programa desenvolveuse por primeira vez de xeito experimental en cursos de educación primaria (de 3º a 6º) no CPR Maristas A Inmaculada de Lugo.
- Xeneralizouse a participación de todas as materias nas actividades dos centros (respectando a lexislación vixente), de maneira que o proxecto



deixou de estar ligado sobre todo á Lingua Galega e Literatura para abranguer todo o sistema educativo (a realización das píululas informativas converteuse en traballo de aula de todas as materias, agás as de obrigada docencia en castelán, e a realización das actividades fóra da aula estendeuse a todas).

- Conseguiuse a colaboración e difusión cos medios de comunicación públicos para achegarlle os 21 días co galego e + ao alumnado, ás súas familias e á poboación en xeral: acadouse a participación no programa *Galicia por Diante* da Radio Galega cunha sección diaria fixa durante os 21 días, na que o alumnado de cada un dos centros, acompañado polo seu profesorado, tivo a oportunidade de expoñerlle á sociedade galega os proxectos nos que están a traballar e cos que contribúen aos 21 días co galego e +; e os membros do programa da TVG *Dígocho eu!* colaboraron cos 21 días mediante a realización de encontros virtuais con nove dos centros e un encontro presencial sorpresa no IES As Mariñas de Betanzos.

No curso 2022-2023, a maior innovación foi a celebración do **I Encontro 21 días co galego e +** no Auditorio Fontán da Cidade da Cultura o 28 de febreiro. Neste acto xuntáronse máis de 700 persoas procedentes dos 12 centros participantes que encheron o auditorio de actuacións en galego creadas pola propia rapazada dos centros.

Neste **curso 2023-2024**, o programa chega á súa sexta edición e desenvólvese por primeira vez exclusivamente en centros de educación primaria, para atender as franxas de idade con menor presenza de galegofalantes.

Nesta ocasión os 21 Días co Galego e + marcan un novo récord en número de participantes e chegan ás 4.587 persoas (alumnado, profesorado e persoal de administración e servizos) vivindo esta experiencia. Estes foron os centros participantes:

A Coruña

- CEIP Ponte dos Brozos (Arteixo)
- CEIP de Prácticas López Ferreiro (Santiago de Compostela)
- CEIP Plurilingüe da Ramallosa (Teo)

Lugo

- CEIP Plurilingüe de Nadela (Lugo)
- CEIP Frei Luís de Granada (Sarria)

Ourense

- CEIP O Couto (Ourense)
- CEIP Ramón Otero Pedrayo (O Barco de Valdeorras)

Pontevedra

- CEP Campolongo (Pontevedra)
- CEIP Plurilingüe García Barbón (Vigo)
- CEIP Plurilingüe Pintor Laxeiro (Vigo)



A sesión de apertura oficial desenvolveuse na Facultade de Ciencias da Educación baixo a organización do Colexio CEIP López Ferreiro, un dos dez centros participantes. Nela estiveron presentes o secretario xeral da Lingua, Valentín García, así como o presidente da Real Academia Galega, Víctor F. Freixanes, e outros representantes institucionais xunto ao profesorado e alumnado do centro.

En todos os centros participantes se desenvolveron as seguintes actividades comúns:

- Acto de inauguración formal para dar comezo oficial ao programa e que o alumnado o acollese como algo especial que ía acontecer no seu centro.
- Elaboración do vídeo de tema do centro.
- Participación no *Galicia por Diante* de profesorado e alumnado de cada un dos centros para falar do seu tema e de como estaban a vivir a experiencia.
- Videoconferencia con Esther Estévez, presentadora do programa *Dígocho eu!*
- Todo o alumnado participante elaborou individualmente ou en grupo un Dígocho eu! na materia de Lingua Galega e Literatura.
- Todo o alumnado participante elaborou individualmente ou en grupo unha pílula informativa en vídeo noutra das materias.
- Acto de clausura a nivel centro para toda a comunidade educativa co obxectivo de lle poñer un remate lúdico á implementación do programa. Nalgúns dos centros o día da clausura gozaron dun concerto de diferentes artistas e formacións galegas.

Ademais, cada centro desenvolveu o seu propio plan de actividades, que foi máis ou menos ambicioso dependendo da participación da comunidade educativa de cada un deles. Pódense salientar as seguintes:



- Adiviña de que falo (como os concurso dos Galifantes, alumnado máis pequeno grava ou di en directo as definicións e logo os maiores teñen que adiviñar de que se trata)
- Ao chou (abrir o dicionario e cos ollos pechados marcar unha palabra e intentar averiguar o seu significado)
- Arriba a Cultura Galega! (versión en galego do tutifrutí)
- Baile tradicional
- Baile-xogo (con música de acordeón ao vivo consistente en seguir bailando o que fai a parella modelo, pódese realizar tamén con música gravada)
- Biografías lingüísticas (unha persoa cóntalle ao alumnado a biografía lingüística dunha alumna e a súa relación co galego)
- Brochetas de froitas
- Buscamos cadros coas 7 cores nunha exposición de cadros cantando en galego etc.)
- Carreira de descrición (dadas unhas palabras ou descrición segundo o nivel do alumnado, en galego deben encontrar a imaxe espallada polo centro, habendo imaxes "trampa" que descontan puntuación, as imaxes levan incluída unha ou varias palabras)
- Carreira de relevos por equipas na que tiñan que aprender un verso de Rosalía cada vez que cambiaban de integrante.
- Carreira pola lingua
- Comentaristas da carreira pola paz
- Concerto de "TradiGaita"
- Concurso de trabalinguas
- Concurso Quen canta? (o alumnado despois de escoitar un fragmento dunha canción ten que adiviñar quen canta, previamente son cancións que se puxeron nas aulas)
- Contacontos con Celso F. Sanmartín
- Contamos contos e lendas galegas
- Contos na biblio
- Contrasinal (concurso inspirado no programa *Password*)
- Curtametraxes en galego de OQO
- Dálle á lingua na casa ou Tíralle da lingua aos teus (iniciar un tema de conversa na casa e logo poñelo en común o luns na aula)
- Debates nas aulas (a importancia da educación, é posible a paz, defectos ou virtudes?, o que sae da nosa boca...)
- Decoración de portas con mensaxes en galego
- Destino Galicia (xogo en que se van dando pistas e as parellas participantes teñen que adiviñar de que lugar de Galicia se está a falar)
- Dicionario sostible
- Discogal (discoteca con música galega moderna)
- Discoteca galega
- Ditos e adiviñas
- Do mar ao prato (adiviñar o nome dos peixes en galego)
- Elaboración dun libro de receitas de froitas e verduras
- Elaboración dun teatriño de monicreques
- Encontra a parella
- Encontro co graffiteiro Dusem
- Entrevistas nas casas e no centro
- Escrita compartida (escribir entre catro persoas dunha equipa unha palabra en galego sen tocar o bolígrafo mediante fíos que o sosteñen).



- Exposición As nosas mulleres imprescindibles
- Exposición Palabras de muller
- Exposición Textos importantes da nosa memoria
- Fai un trato co galego / Contrato coa lingua
- Falar por falar (xogo de improvisación lingüística que consiste en inventar un discurso a partir de imaxes proxectadas, pódese realizar individualmente ou en parellas)
- Folión
- Gabinete dos curiosos
- Graffiti
- Himno da Paz
- Karaoke en galego
- Karokes nos recreos
- Lemas pola Paz
- Máis talento co galego cun monólogo, chiste, baile dalgunha canción en galego,
- Mercado popular de palabras. Trocochange. (Cambian anglicismos por expresións en galego)
- Minuto de fama! (colle o micro e fai algo interesante)
- Montaxe dunha coreografía con Artur Puga por ciclos coas cancións "ECO" (Fillas de Cassandra) e "TROUPELE" (Mondra) que rematou cunha actuación conxunta de todo o centro.
- Mural de compromiso coa lingua (realízase o primeiro día e nel cada participante estampa a súa man con pintura de cores para manifestar o seu compromiso coa lingua)
- Mural inauguración
- Música en galego nos recreos
- *Noite Xigante*
- O aforcado (coa variante de tender a roupa)
- Obradoiro de chapas
- Obradoiro de elaboración de cadernos de cores
- Obradoiro de regueifas
- Obradoiro de xogos tradicionais
- Obradoiro de danza
- Obradoiro do traxe tradicional galego
- Palabras ao ceo (cada alumno confecciona un avión de papel e nel pon unha palabra en galego, ten dúas versións, a solta conxunta ou a carreira a ver que palabra voa máis lonxe)
- Pano palabreiro (con xogo de léxico incluído, para levar o pano teñen que dicir un nome correcto e sen repeticións da temática escollida: nomes de animais, comidas e alimentos, obxectos, árbores e plantas...)
- Parladoiro con... (persoeiros destacados visitan unha aula para falar co seu alumnado, previamente co profesorado, as alumnas e alumnos investigan de quen se trata e preparan a visita)
- Pasagalego
- Pasagalego (pódese facer o xogo con participantes soltos ou facer a maratón de clases contra clases)
- Photocall ou Pousadoiro
- Picheiros e picheiras somos: o que máis me gusta de Santiago é... (este xogo pódese adaptar a todas as localidades)
- Playlist 21 Días co galego no XXX (onde figura XXX ponse o nome do centro, o alumnado escolle un tema musical por aula de diferentes intérpretes e elabórase con eles a playlist)
- Poesía
- Primeiros encontros (actividade inspirada no programa de televisión *First Dates*)
- Receitas para cociñar ao pé da letra (cociñamos na casa e levamos a receita con fotos ou vídeo ao colexio)
- Recitado de poemas
- Recreo Xigante (concurso de preguntas inspirado no novo programa da TVG)
- Representación dunha obra teatral de monicreques



- Representación teatral
- Retransmisión de goles ou momentos deportivos emocionantes escollidos previamente polo alumnado.
- Rimagal (dáse un verso e os participantes teñen que inventar outro que rime)
- Rotulador compartido (gaña o equipo que escriba máis palabras relacionadas co tema suxerido)
- *Scape Room*
- Son medio refrán... (repártense entre o alumnado metades de refráns e cada persoa ten que atopar o seu outro medio refrán)
- Tatuaxes non permanentes (de palabras e símbolos galegos)
- Tecendo cores no valado
- Teléfono escacharrado: enviar mensaxes en galego á persoa seguinte no círculo.
- Teléfono estragado (competición entre cursos ou entre grupos de alumnado)
- Trompadas pola paz
- Xogo das cadeiras con música galega, tradicional e moderna (competición entre cursos ou entre grupos de alumnado)
- Xogo de cancións tradicionais (ponse o comezo da canción tradicional e o alumnado ten que continuala)
- Xogo dos personaxes galegos importantes para meter na furna o nome da personaxe descrita nos papeis repartidos polo patio
- Xogos das palabras tabú
- Xogos de mans
- Xogos de mesa
- Xogos de mesa en galego
- Xogos populares: infantil (corda cuco rei, pita cega, un dous tres... zapatiño quieto é, xogos de roda, as campás, a pelota salta e bota) e primaria (corda cuco rei e á casiña que chove, pita cega, un, dous, tres... zapatiño quieto é, o pano, as tabas ou pelouros, as campás, a pelota salta e bota)

Por outro lado, a clausura oficial do programa celebrouse no CEIP Plurilingüe da Ramallosa (Teo), con participación do secretario xeral da Lingua, Valentín García, da alcaldesa de Teo, Lucía Calvo de la Uz; de Xesús Ferro, membro numerario da Real Academia Galega; de Rafael Vilar, director do CEIP Plurilingüe da Ramallosa, e de Óscar Suárez, coordinador do Equipo de Dinamización da Lingua Galega do centro.

O desenvolvemento do programa xestionouse a través da súa **páxina oficial**, o seu blog 21 Días co Galego e +. Ao longo dos 21 días e con posterioridade utilizáronse as contas das redes sociais asociadas ao programa para a súa dinamización en Internet. Con posterioridade á finalización das tres semanas de programa, os centros entregaron os mellores vídeos realizados polo seu alumnado, que se publicaron nas RR SS.

Segundo as memorias realizadas polos centros educativos participantes tanto nesta como en anteriores edicións, podemos sinalar os seguintes beneficios xerais tras a súa implementación:

A nivel especificamente lingüístico

- Aumento da fluidez na comunicación oral formal e coloquial en lingua galega de todos os colectivos participantes, especialmente do alumnado mais tamén do profesorado, do PAS e de familias que se unen ao proxecto.
- Posta en valor dos trazos dialectais propios.
- Maior coñecemento consciente da realidade lingüística a través das reflexións persoais e colectivas sobre a situación das linguas en Galicia e sobre as repercusións dun uso activo do galego.



- Vinculación de experiencias innovadoras co uso da lingua galega.

A nivel curricular

- Participación do alumnado en tarefas que permiten atravesar o currículo de maneira transversal.
- Achegamento á cultura dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable para que o noso alumnado participe na creación dun modelo social máis xusto e corresponsable.
- Achegamento á cultura galega actual e histórica e, particularmente, á da comarca do propio centro.
- Maior vivencia do mundo artístico galego, especialmente da música, tanto na recepción como na produción artísticas.
- Descuberta de contidos de divulgación da cultura galega nas redes sociais.

A nivel pedagóxico

- Creación de sinerxías no traballo do profesorado, en moitos casos por primeira vez, que, segundo información de anteriores edicións, tenden a ter continuidade nos centros educativos.
- Creación ou aumento de colaboracións entre os EDLG e os diferentes grupos de traballo presentes nos centros.
- Incorporación dunha dimensión dixital das actividades educativas, como medio para a súa transcendencia fóra da aula na que se produce e mesmo fóra do ámbito do centro.
- Participación do alumnado en tarefas colaborativas e cooperativas onde todas as persoas son importantes.
- Achegamento de xeito lúdico e menos tradicional ás materias curriculares, especialmente ás do ámbito científico-tecnolóxico.

A nivel emocional

- Vinculación de experiencias positivas co uso da lingua galega.
- Creación dun ambiente ilusionante e de socialización positiva.
- Fortalecemento dos nexos de unión da comunidade educativa.

Cómpre salientar en primeiro lugar que a totalidade dos centros valora como satisfactorio o orzamento de 1.000 euros co que contan para implementar o programa.

A maioría dos centros centran o seu gasto na adquisición de material non funxible relacionado coa produción de vídeo e de radio que non poden adquirir de xeito habitual, isto é, ferramentas para producir materiais audiovisuais e de radio tanto para esta edición do programa como para o posterior funcionamento no futuro dos EDLG.



Deseguido recóllese, en seis categorías, unha relación dos diferentes tipos de gasto realizado polos centros para a organización dos 21 Días co Galego co devandito orzamento.

- Materiais relacionados coa produción de vídeos (fondos croma, reflectores, estabilizadores, altofalantes, cámaras, focos, trípodes, televisión...)
- Materiais informáticos de hardware e software (discos duros, cartuchos de impresora, tarxetas de memoria, licenzas de apps...)
- Materiais relacionados co son e coa radio (mesas de mesturas, micrófonos, megafonía portátil...)
- Material de librería, papelería e derivados (xogos de mesa en galego, libros, folios, cartolinas, carteis, máquina de chapas, novelos de la...)
- Ambientación do centro (cadeiras, globos, infladores de globos eléctricos, bombonas de helio, lonas, murais, alimentos saudables para as celebracións...)
- Premios para o alumnado (bolsas serigrafiadas, camisetas, libros...)
- Pagamento de obradoiros e espectáculos (actuación de TradiGaita, obradoiro e elaboración de mural do Graffiteiro Dusem, Coreografía de Artur Puga, actuación da Discomóbil "Bailamos co galego" da compañía Trémola Teatro percusión, actuación de Cé Orquestra Pantasma, actuación de Ruxe Ruxe, contacontos con Celso F. Sanmartín...)

Respecto da presenza na Rede, na seguinte táboa reflíctense os datos máis salientables en cada unha das redes sociais.

| | |
|---------------------------|--|
| Páxina de Facebook | Seguidores 1.408 (69,9% de mulleres) |
| | Ata 14.986 persoas de alcance |
| | 47 vídeos publicados nesta edición |
| | 133 publicacións nesta edición |
| Conta de Instagram | 1142 seguidores |
| | 463 publicacións (122 nesta edición) |
| Conta de Twitter | 454 seguidores |
| | ata 848 impresións nun chío |
| | 859 publicacións (135 nesta edición) |
| Conta de YouTube | 262 subscritores |
| | 119.740 reproducións (20.416 nesta edición) |
| | 4.100 horas de visualización (593 nesta edición) |
| | 549 vídeos (141 nesta edición) |
| | 68 listas de reprodución |



| | |
|--|---|
| | 785.450 impresións |
| | 20,2 % de audiencia menor de 24 anos |
| | 67,1 % da audiencia son mulleres fronte a un 32% de homes |
| | 262 subscritores |

Como vemos, non so é a edición máis numerosa en participación, senón tamén a que mellor acollida tivo, o cal revela o interese xerado polo traballo fóra da contorna escolar, como ten sinalado Valentín García, o secretario xeral da Lingua.

Á vista dos datos, podemos considerar que as cifras son satisfactorias se temos en conta que a vida real destas contas se limita a tres semanas ao ano e que se trata dun programa educativo.

5 Xornada II Encontro 21 días co galego e +

No curso 2023-2024 realizouse o **II Encontro 21 Días co galego e +** o 21 de febreiro, Día da Lingua Nai.

Esta xuntanza lúdica e didáctica reuniu no Monte Gaiás preto de 600 participantes para intercambiar experiencias, música e xogos ao longo da xornada na que estiveron presentes, entre outras autoridades, o naquel momento titular en funcións da Consellería de Cultura, Educación, FP e Universidades, Román Rodríguez, e o presidente da Real Academia Galega, Víctor Freixanes.

Ao acto, conducido polo músico Pakolas, asistiron alumnado e profesorado dos dez centros participantes, entre este atopábanse os coordinadores dos Equipos de Dinamización da Lingua Galega de cada un dos colexios.

As actuacións dos diferentes centros foron dando conta da riqueza e diversidade da nosa cultura a través de música, bailes, monicreques, xogos tradicionais, contos e ata un folián que eles mesmos prepararon para o encontro.

Foi a actividade mellor valorada polo alumnado participante, e na reunión final coas persoas coordinadoras dos diferentes centros fíxose a suxestión de que o vindeiro ano se repetise o encontro e se fixese ademais o posible para que nel se buscase unha maior interacción entre o alumnado dos diferentes centros.

6 Proxectos de materiais para as aulas hospitalarias

No curso 2023-2024, a SXL, realizouse un novo proxecto, **Kamishibai do hospital**.

Proxecto ideado por Pilar Porta, mestra da aula do Hospital Arquitecto Marcide de Ferrol, que pretende fomentar o uso da lingua galega, a igualdade de xénero e a educación emocional a través da lingua oral, da escrita, do teatro e de actividades



plásticas. Inclúe os seguintes produtos:

- Soporte transportable en madeira do teatriño (Kamishibai do hospital) en dimensión A3
- 10 láminas ilustradas sen texto, que conforman o anverso da historia do conto inédito
- Relato contextualizado nunha escola de hospital e impreso no reverso das 10 láminas
- Caderno de bitácora para un mundo mellor

Logo da elaboración e presentación do material, facilitóuselle un Kamishibai a cada unha das sete aulas hospitalarias galegas, así como á Asociación Española contra o Cancro e á asesoría de Bibliotecas escolares para que o material poida divulgarse noutros espazos e centros educativos.

Ademais desta actuación e das realizadas neste eido nos últimos cursos (A saqueta do hospital, Superheroínas e Superheroes, *Pedagogía hospitalaria...*), están pendentes de concretar outras colaboracións co Hospital Clínico de Santiago de Compostela e co Hospital Materno Infantil Teresa Herrera da Coruña (Laura Lizancos).

ÁMBITO: XORNADAS

1 Xornada do Día das Letras Galegas

O CAFI e a SXL, coa colaboración da coordinadora central e das coordinadoras provinciais dos EDLG, organizan unha xornada anual de formación para o profesorado, co obxectivo de dotalo de recursos para difundir entre a comunidade educativa a figura homenaxeada no Día das Letras Galegas. Preséntanse as exposicións e guías didácticas premiadas no Concurso-exposición das Letras Galegas e outros materiais creados polos EDLG dos centros, e especialistas e investigadores imparten relatorios ou conferencias.

A función do asesor do CAFI e das coordinadoras central e territoriais (en especial, a da provincia da Coruña) consiste na selección dos relatorios de centros con experiencias interesantes, na proposta de especialistas para impartir as conferencias, nos contactos con estes, na selección da data e na preparación dos materiais para entregar o día da actividade.

No curso 2023-2024, desenvolveuse a Xornada do Día das Letras Galegas. Luísa Villalta, o sábado 27 de abril, de 9:30 a 20:30 h no salón de actos do Pazo de San Roque. A través de relatorios de especialistas e mais das experiencias de traballo dos equipos de dinamización da lingua galega de diversos centros educativos, a



actividade achegoulle a figura da autora homenaxeada ao profesorado encargado de divulgar a súa obra entre o resto da comunidade educativa.

Na primeira parte da xornada, interviñeron especialistas e coñecedores da vida e da obra da escritora, cos que fixemos un percorrido polos diversos xéneros literarios: Marga do Val (poesía), Inma López Silva (narrativa), Manuel Naveira (ensaio) e Henrique Rabuñal (teatro). Rematamos a mañá co espectáculo de *Indóciles*, un proxecto multidisciplinario no que a poesía, a música e a narración oral foron da man para explorar o mundo creativo de Luísa Villalta.

Xa pola tarde, participaron os centros gañadores do Concurso-exposición das Letras Galegas nas categorías A e B (CEIP Raquel Camacho, CIFP A Carballeira-Marcos Valcárcel) que presentaron as exposicións e as guías didácticas premiadas e outros materiais. Así mesmo, tamén puidemos coñecer un amplo abano de experiencias educativas de diversos centros que traballaron sobre a autora homenaxeada:

- "Luísa, profesora de galego" (*podcast*), Fernando Pazos Pérez · CPI Cruz do Sar (Bergondo)
- "A Coruña de Villalta" (documental), Lucía Salgueiro Prado · CPR Plurilingüe Escravas (A Coruña)
- "O Seminario Galán, 26 anos turrando" (actividades interactivas), Francisco Guitián Valeiro · CEIP Vila de Rutis (A Coruña)
- "Poetas por un día, centóns de/por Luísa Villalta" (composición de poemas), Antía Cortizas Leira · EPAPU Eduardo Pondal (A Coruña)
- "A música na nosa poesía" (miniconcerto), Alexandra Pita Evia e Iria Rico Fernández · CMUS Profesional Xan Viaño (Ferrol)
- "Mergullándonos na vida e na obra de Luísa Villalta" (polos creativos), Gloria Estévez Santiago, CEIP Gregorio Sanz de Ribadeo
- *Onde está Luísa?* (curta), Xesús Fernández Sulleiro, IES Pintor Colmeiro (Silleda, Pontevedra)

Na enquisa realizada polo CAFI entre o persoal asistente, obtívose unha boa valoración (docencia: 4,5 e organización 4,55).

2 Xornada de normalización lingüística de Ferega

Xornada de Normalización Lingüística aberta tanto a docentes de centros públicos como concertados e privados, organizada por Ferega, coa colaboración da SXL. Esta data adoita ser a primeira ocasión do curso escolar en que se analiza a figura elixida pola RAG para lle render homenaxe nas Letras Galegas. Tamén se realiza o acto de entrega dos Premios Irmán Reboiras ás Melloras Iniciativas de Fomento do Galego, que contan co apoio da SXL.

Como dispoñen da información correspondente ás memorias e proxectos de fomento, as coordinadoras asesoran a Charo Baleirón, coordinadora de innovación



educativa de Ferega, e procuráranlle iniciativas, en especial dos centros concertados, para presentar na xornada.

No curso 2023-2024 a XIX Xornada de Normalización Lingüística de Ferega desenvolveuse no Consello da Cultura Galega o 24 de novembro de 2023. [Programa](#).

3 Webinarios do Día da Ciencia en Galego

Como vén sendo habitual, a Secretaría Xeral da Lingua, a través dos equipos de dinamización da lingua galega, colabora con Bibliotecas para a celebración do Mes da Ciencia nas Bibliotecas e con Igaciencia na organización de webinarios de dinamización científica en galego. Tras o éxito dos webinarios dos últimos anos, que chegaron a superar os 8.000 espectadores, as videoconferencias programadas en 2023 foron as seguintes:

- ✓ Dr Diego Martínez Santos, "A física de partículas no século XXI, día 3 de novembro ás 12:00 horas.
- ✓ Dr. Francisco Javier De Toro Santos, "Historia da vocación dun médico reumatólogo", día 17 de novembro, ás 12:00 horas.
- ✓ Dra. Mónica Cartelle Gestal, "A complexidade escondida no miúdo", día 24 de novembro ás 12:30 horas.

ÁMBITO: TIC

1 Divulgación de recursos didácticos e experiencias positivas de dinamización da lingua galega no Portal da Lingua Galega, o web da SXL

As coordinadoras informan os EDLG das novidades salientables do Portal e contribúen á difusión de recursos e iniciativas nos centros. Así mesmo, procuran recursos para publicar no web e no Boletín da SXL.

Curso 2023-2024

| Ámbito | RECURSOS ELABORADOS NOS CENTROS EDUCATIVOS | OUTRAS INICIATIVAS |
|--------|--|--------------------|
| | Total: 780 | |



| | | |
|--|---|---|
| <p>MATERIAL PARA O WEB DA SXL</p> <p>Espazo dos EDLG</p> | <ul style="list-style-type: none"> - Novidades (238) - Recursos didácticos (48) - Publicacións (17) - Audiovisuais e música (146) - Blogs e recursos na rede (4) - Iniciativas de dinamización (93) - Datas sinaladas (244) - Día das Letras Galegas (47 de centros, 2 exposicións, 1 formación, 8 recursos, 2 biografía) - FP (6) - NEAE (16) - Ensinanzas de réxime especial (9) - Infantil e primaria (149) - Secundaria e bacharelato (90) | <ul style="list-style-type: none"> - PLC (modelo CEIP) (1) - PIDL do curso 2022-2023 (6) (pendente de publicar os premiados do curso 2023-2024) - Programas (5) - Tamén che interesa (3) - Convocatorias e formación (23) |
|--|---|---|

O incremento de publicacións nos últimos cursos foi notable. Cómpre ter en conta que os recursos que aparecen nos botóns dos niveis educativos (infantil e primaria, secundaria e bacharelato, formación profesional, ensinanzas especiais) adoitan estar tamén noutros (audiovisuais e música, publicacións, novidades...).

Entre os recursos publicados na sección dos EDLG, ocupan un lugar moi salientable os relacionados co Día das Bibliotecas, Día da Ciencia, co Día Europeo das Linguas, co Día de Rosalía, co Día da Lingua Materna e sobre todo co Día das Letras Galegas.

Entre as posibles suxestión está clasificar os recursos nun ou dous lugares (non máis) e non definilos como "novidade" cando xa pasou a data de publicación...

Tamén sería conveniente:

- Incluir un botón co 21 Días en galego e +
- Incluir un botón de Nós tamén creamos!

As suxestións só serían viables as que se puidesen facer directamente, sen depender de Amtega, e esta entidade só revisa os webs cando se lle solicita e só se están moi desfasados.

ÁMBITO: Publicacións

- *Kamishibai do hospital* (xa mencionado no apartado reservado aos proxectos das aulas hospitalarias)
- *Divertímonos xogando coas nosas palabras* (método baseado na conciencia fonolóxica)

Material didáctico deseñado por Eva Uceira, docente no CEE María Mariño, para traballar a conciencia fonolóxica, unha habilidade que promove a aprendizaxe da



lectoescritura e a adquisición de vocabulario. Consiste en identificar, segmentar ou combinar as palabras (conciencia léxica), as sílabas (conciencia silábica), as unidades intrasilábicas (conciencia intrasilábica) e os fonemas (conciencia fonémica). Ademais de ensinar estratexias de procesamento fonolóxico para prever dificultades de aprendizaxe na lectura do alumnado de educación infantil, tamén serve para reforzar o ensino do vocabulario en lingua galega para persoas estranxeiras.

O material foi distribuído equitativamente entre as coordinadoras das catro provincias.

- *O meniño rei, un conto de Nadal* (en formato papel e tamén interactivo)

Traballo coordinado polo profesor de Música Alberto Hermáns, xunto co Departamento de Pastoral e do EDLG do CPR Compañía de María de Ferrol, que inclúe un audioconto narrado para a radio escolar polo alumnado e oito panxoliñas que acompañan a historia do Nadal. O conto foi publicado en formato físico e dixital.

ÁMBITO: Proxectos de actividades financiadas pola SXL nos centros de ensino

Exposición "O amencer da humanidade"

Iniciativa realizada por Data Gestión Cultural e promovida pola SXL ao abeiro do Fondo Xacobeo 2021, co obxecto de dar a coñecer as últimas investigacións desenvolvidas no ámbito da prehistoria en Galicia. Ademais de seis paneis informativos en formato *rollup*, a mostra inclúe varias réplicas de materiais arqueolóxicos, un audiovisual explicativo e dúas unidades didácticas, para educación primaria e secundaria, respectivamente.

A exposición percorreu varios centros da provincia da Coruña: CIFP Ánxel Casal-Montealto, EPAPU Eduardo Pondal, IES de Bremao, CEIP Couceiro Freijomil, CEIP Emilia Pardo Bazán, CEIP Juan Fernández Latorre, CEIP San Pedro de Visma, entre outros.

Alén diso, durante o período de Nadal, tamén foi cedida á Biblioteca Miguel González Garcés, a biblioteca nodal da Xunta de Galicia na Coruña.

Campaña *Aquí tamén se fala*

Proxecto iniciado o curso pasado polo docente Alberto Pombo e o EDLG coordinado por Arcadio González Novoa para galeguizar os comercios e institucións da cidade da Coruña a través de carteis dinamizadores. A campaña, que se estendeu este curso a centos de centros educativos e locais comerciais de toda Galicia, complementouse con outras actuacións (creación de web e perfís en RRSS para difundir a gravación de entrevistas a persoas relevantes en distintos eidos, festival de música...). A SXL colaborou na impartición de obradoiros de formación



audiovisual e no financiamento de distintas actuacións (viaxes para divulgar a campaña na Radio Galega, compra de material de gravación etc.).

Festival #Aquí tamén se fala

#AquíTaménSeFala, festival promovido pola Secretaría Xeral da Lingua, a Deputación e o Concello da Coruña, no que actuaron algúns dos grupos máis destacados da música galega actual: Grande Amore, BoyanKa Kostova, Leria e Lontreira. O evento, que contou cun elevado número de persoas asistentes e unha ampla repercusión mediática, celebrouse o día 7 de xuño, das 17.30 ás 23.00 h, na praza da Tolerancia da Coruña.

Festival Falemos + Galego

Campaña de promoción lingüística na que se organiza un concurso de vídeos dinamizadores e un festival de música no que participaron 13 centros da Costa da Morte:

- IES Lamas de Castelo (Carnota)
- CPI Plurilingüe A Picota (Mazaricos)
- IES Fernando Blanco (Cee)
- IES Agra de Raíces (Cee)
- IES Fin do Camiño (Fisterra)
- CPR Nosa Señora do Carme (Fisterra)
- IES Ramón Caamaño (Muxía)
- IES Terra de Soneira (Vimianzo)
- IES Pedra da Aguia (A Ponte do Porto – Camariñas)
- IES Maximino Romero Lema (Baio-Zas)
- CPI de Zas (Zas)
- CPI Plurilingüe Cabo da Area (Laxe)
- IES Eduardo Pondal (Ponteceso)

Compra de libros para distribuír nos centros educativos

No curso 2023-2024, a SXL realizou un investimento en libros seleccionados polas coordinadoras provinciais para seren distribuídos nos centros educativos e noutras entidades.



ÁMBITO: **Colaboración con institucións e empresas**

1 Colaboracións coa empresa Feiraco no Certame de Microrrelatos

As coordinadoras participan na divulgación do Certame de Microrrelatos que organiza a empresa Feiraco en colaboración coa SXL, dirixido a alumnos e alumnas de secundaria (de 12 anos en diante), e tamén ás persoas maiores de 18 anos que queiran participar, e que ten como finalidade incentivar a creación literaria. Nesta XII edición do **Certame de Relatos Breves Feiraco. Letras Galegas 2024**, establecéronse dúas categorías de participación: xuvenil (alumnado a partir de 12 anos) e de adultos (a partir de 18). A SXL participa na divulgación do certame e cun lote de libros para as distintas categorías.

2 Colaboracións coa empresa Eroski-Vegalsa nos actos das Letras Galegas

O cartel nº 1 da exposición gañadora en primaria, a do CEIP Raquel Camacho, da Coruña, expúxose nos supermercados da cadea.

3 Colaboracións con RENFE e ADIF

Desde hai anos, estas entidades participan na difusión da figura homenaxeada nas Letras Galegas. Alén dos repousacabezas coa imaxe institucional das letras Galegas, algúns carteis das exposicións premiadas no Concurso-Exposición das Letras Galegas expóñense nas estacións de tren e no interior dalgúns vagóns. A SXL tamén entrega lotes de libros en galego para distribuír cando se realiza unha presentación da iniciativa, habitualmente na estación da Coruña.

4 Colaboración coa Asociación Colectivo Xelmírez I

A SXL colabora na XI Edición dos Premios de Banda Deseñada AXI, organizados polo instituto santiagués Xelmírez I, e aberta á participación de todos os centros públicos da nosa comunidade.

5 Colaboración con institucións, asociacións ou organismos e asistencia a actividades puntuais nos centros educativos e outras funcións

A Coruña - Coordinación Territorial dos EDLG

- 1 Asesoramento presencial, por vía telefónica e telemática ás persoas coordinadoras dos EDLG e a calquera docente, particular ou entidade que o solicite
- 2 Realización de reunións informativas de inicio de curso coas persoas coordinadoras dos EDLG da provincia na Coruña, Santiago e Ferrol
- 3 Seguimento dos proxectos de innovación educativa en dinamización lingüística (PILD) integrados no Plan Proxecta+



- 4 Seguimento dos proxectos didácticos Antonio Fraguas Fraguas integrados no Plan Proxecta+
- 5 Visitas e entrega de materiais diversos (libros, xogos, exposicións...) a distintos centros da provincia
- 6 Revisión de materiais varios e asesoramento lingüístico a persoas coordinadoras dos EDLG e outras/os docentes
- 7 Selección dos centros participantes no programa 21 días co galego e + no curso 2022-2023: CEIP López Ferreiro, CEIP da Ramallosa e CEIP Ponte dos Brozos
- 8 Selección e descrición de recursos e actividades dinamizadoras realizadas ao longo do curso 2023-2024 nos centros escolares, para divulgar no Portal da lingua galega
- 9 Selección de centros para desenvolver os obradoiros de radio e as exposicións do programa Xosé Mosquera Pérez, O vello dos contos
- 10 Corrección de textos e revisión dos materiais do proxecto *O kamishibai do hospital, pílulas para un mundo mellor*, un traballo da aula do Hospital Arquitecto Marcide
- 11 Asistencia ao acto de entrega de premios dos centros gañadores do concurso de curtas de animación NTC! no recinto feiral de Pontevedra
- 12 Revisión dos borradores elaborados por Isabel a partir de correos de anos anteriores, con especial atención á adecuación, ton, pertinencia e coherencia dos contidos, elementos de cohesión, estrutura, riqueza, sen esquecer a corrección lgca. (tipográfica, ortográfica etc.)
- 13 Presentación do libro *Médicos e medicina rural na Costa da Morte. A figura do doutor Manuel Pérez Maroño* na Casa da Cultura de Baio
- 14 Asistencia á Xornada de Normalización Lingüística organizada por Escolas Católicas de Galicia no Consello da Cultura Galega
- 15 Asistencia á xornada Olladas no Pasado, 2023. 40 Anos de Lei de Normalización Lingüística no Pazo de San Roque.
- 16 Asistencia ao acto de presentación das exposicións gañadoras do Premio Antonio Fraguas Fraguas (categoría de primaria e secundaria) no Museo do Pobo Galego
- 17 Asistencia ao acto de presentación da exposición, dos obradoiros e do Concurso de Podcasts en galego Xosé Mosquera Pérez 2024 no IES Rosalía de Castro
- 18 Coorganización das comisións de valoración dos proxectos de fomento dos EDLG dos centros presentados na convocatoria do curso 2023-2024
- 19 Participación no proceso de resumo e cualificación dos proxectos de fomento do uso do galego, como vogal da comisión de valoración, na convocatoria do curso 2023-2024



- 20 Revisión das memorias dos proxectos de fomento dos EDLG dos centros presentados na convocatoria do curso 2022-2023
- 21 Colaboración e divulgación da Mostra de Entroido da Ulla organizada por todos os centros educativos da contorna de Lamas de Abade
- 22 Traslado e colaboración na montaxe e desmontaxe da exposición "O amencer da humanidade" no CIFP Ánxel Casal-Montealto da Coruña
- 23 Colaboración na montaxe e desmontaxe da exposición "O amencer da humanidade" na EPAPU Eduardo Pondal, UNED e CFR da Coruña
- 24 Xestión dos trámites e traslado da exposición "O amencer da humanidade" á Biblioteca González Garcés (biblioteca nodal da Xunta de Galicia) durante o período de Nadal
- 25 Xestión para o transporte e mostra da exposición "O amencer da humanidade" no CEIP Couceiro Freijomil e IES Breamo de Pontedeume
- 26 Xestión para o transporte e mostra da exposición "O amencer da humanidade", no CEIP Emilia Pardo Bazán, CEIP Juan Fernández Latorre e CEIP San Pedro de Visma da Coruña.
- 27 Reunión de asesoramento aos centros de Ferega da cidade da Coruña no CPR Escravas Sagrado Corazón
- 28 Entrega de material (libros para participantes nas distintas categorías) para o Concurso Diego Peña Carro do CPR Escravas Sagrado Corazón da Coruña
- 29 Entrega de material para o Concurso de Creación Artística e Literaria organizado e promovido pola mestra da aula do Hospital Materno Infantil Teresa Herrera da Coruña
- 30 Selección dos centros participantes e seguimento das actuacións do programa 21 días co galego e +
- 31 Asistencia á presentación do programa 21 días co galego e + no CEIP López Ferreiro de Santiago de Compostela e no CEIP da Ramallosa de Teo
- 32 Asistencia ao acto de clausura do programa 21 días co galego e + no CEIP Ponte dos Brozos de Arteixo
- 33 Asistencia ao II Encontro do programa 21 días co galego e + na Cidade da Cultura con todos os centros participantes na edición de 2023
- 34 Asesoramento e última revisión dos materiais do método de lectoescritura baseado na conciencia fonolóxica promovido pola SXL
- 35 Xestión da publicación e transporte do *Conto de Nadal* (audioconto) promovido polo EDLG do CPR Compañía de María de Ferrol
- 36 Organización e asistencia á presentación do método de lectoescritura *Divertímonos xogando coas nosas palabras* no CEE María Mariño da Coruña
- 37 Organización e asistencia á presentación do *Kamishibai do hospital, pímulas para un mundo mellor* no CIFP Paseo das Pontes da Coruña



- 38 Participación na selección de traballos gañadores, na categoría de primaria e secundaria, do Concurso-Exposición das Letras Galegas 2024
- 39 Asesoramento e revisión lingüística dos materiais didácticos das Letras galegas 2024 do Seminario Galán
- 40 Selección de experiencias e centros participantes na Xornada das Letras Galegas 2024 dedicada a Luísa Villalta
- 41 Asistencia ás Xornadas das Letras Galegas 2024 organizadas pola SXL en colaboración co CAFI
- 42 Asistencia e participación ao acto de presentación do libro *Luísa, melodía infinda* no IES Eusebio da Guarda da Coruña
- 43 Asistencia aos actos conmemorativos das Letras Galegas (romaría galega) no CEE María Mariño da Coruña
- 44 Asistencia aos actos conmemorativos das Letras Galegas (actuacións varias e concerto) no CMUS Profesional da Coruña
- 45 Asistencia aos actos conmemorativos do Día das Letras Galegas dedicados a Luísa Villalta no IES Isaac Díaz Pardo de Sada
- 46 Difusión entre o profesorado e o persoal colaborador da SXL e asistencia ao acto conmemorativo do Día das Letras Galegas organizado pola Xunta de Galicia na Coruña
- 47 Asistencia aos actos conmemorativos das Letras Galegas (recitado de Luísa Villalta/maridaxe de produtos galegos) no CIFP Paseo das Pontes da Coruña
- 48 Asistencia ao festival Aquí Tamén se Fala promovido polo EDLG do IES Rafael Dieste, co apoio da SXL e outras institucións
- 49 Elaboración dos informes, puntuación dos PILD e participación na Comisión de Selección dos traballos premiados
- 50 Asistencia á presentación do proxecto *A Coruña de cine*, un documental promovido polo EDLG do CPR Escravas Sagrado Corazón da Coruña
- 51 Asistencia á presentación do proxecto "Arquitectura da memoria" promovido polo EDLG do CEIP de Oza dos Ríos
- 52 Asistencia á gala Falemos + Galego, un festival promovido por 13 centros educativos da Costa da Morte no que se premian, ademais, vídeos dinamizadores
- 53 Selección dos centros participantes no programa 21 días co galego e + para o curso 2024-2025: CEIP Vales Villamarín, CPR A Grande Obra de Atocha, CPI As Mirandas
- 54 Colaboración na organización da Semana Cultural do IES Antonio Fraguas: suxestións de xogos, actividades etc. A SXL apoiou a iniciativa con agasallos de lotes de libros
- 55 Asistencia á reunión final virtual do programa 21 días co galego e +, na que se expresaron, entre outras opinións, suxestións sobre a dita iniciativa para o vindeiro curso



- 56 Asistencia á I Xornada Manoel Vello organizada pola Asociación Pro-Fundación Manoel Vello sobre o uso do galego nos contextos dixital, laboral e radiofónico

Lugo - Coordinación Territorial dos EDLG

- 1 Selección e apoio aos dous centros participantes da provincia no programa da SXL 21 Días co galego e +, coordinado pola profesora Pilar Ponte.
- 2 Reunións presenciais cos centros do Programa 21 Días co galego e +.
- 3 Asesoramento telefónico/telemático a centros por diversos motivos (proxectos de fomento, memorias, logos, programas da SXL...).
- 4 Asesoramento aos centros que desenvolven os proxectos de innovación educativa en dinamización lingüística integrados no Plan Proxecta do curso 2023-2024.
- 5 Asistencia á Xornada de Normalización Lingüística de Ferega e ao acto de entrega dos Premios Irmán Reboiras.
- 6 Participación na selección de traballos gañadores, na categoría de primaria e secundaria, do Concurso-Exposición das Letras Galegas 2024.
- 7 Participación na selección dos premios PIDL 2024.
- 8 Selección da experiencia e centro participante na Xornada das Letras Galegas 2024 dedicada á figura de Luísa Villalta.
- 9 Asistencia á X Xornada do Día das Letras Galegas Luísa Villalta o sábado 27 de abril de 2024.
- 10 Participación no proceso de valoración dos proxectos de fomento do uso do galego como parte da comisión coa función de vogal e de elaboración dos resumos dos proxectos.
- 11 Revisión das memorias dos proxectos de fomento dos EDLG dos centros e cotexo cos proxectos presentados.
- 12 Elaboración de informes solicitados sobre actuacións da SXL relacionadas cos EDLG en concellos.
- 13 Selección e corrección lingüística de recursos e actividades de dinamización realizadas ao longo do curso nos centros escolares, para publicar na páxina web www.lingua.gal.
- 14 Asistencia á presentación e clausura do Programa 21 Días co galego e + nos CEIP de Nadela e Frei Luís de Granada.
- 15 Asistencia ao II Encontro 21 días co galego e + que se celebrou en febreiro na Cidade da Cultura.



- 16 Asistencia á reunión virtual de avaliación final do Programa 21 Días co galego e +.
- 17 Asistencia á inauguración da exposición en Viveiro dos centros da Microrrede da Mariña.
- 18 Asesoramento presencial e entrega de diversos materiais a diferentes centros da provincia.

Ourense - Coordinación Territorial dos EDLG

- 1 Asesoramento telefónico e telemático a centros por diversos motivos (proxectos de fomento, memorias, logos, programas da SXL...)
- 2 Asesoramento presencial e entrega de materiais didácticos a centros educativos
- 3 Reunións informativas coas novas persoas coordinadoras dos equipos de dinamización da lingua galega (O Barco de Valdeorras, Verín, Ourense) en outubro de 2023
- 4 Participación na selección de traballos gañadores, na categoría de primaria e secundaria, do Concurso-Exposición das Letras Galegas 2024
- 5 Asistencia á obra de teatro *Made in Galiza* de Sechu Sende o 20 de setembro de 2023 (Sarabela Teatro) a cuxa difusión contribuíu a SXL.
- 6 Asistencia ao Roteiro polos espazos vitais e literarios de Miro Villar en Cee o 23 de setembro de 2023 realizado polo CAFI
- 7 Asistencia ao Roteiro literario polos lugares de Trasalba que inspiraron a obra de Otero Pedrayo organizado pola Fundación Ramón Otero Pedrayo o 7 de outubro de 2023
- 8 Asistencia ao Roteiro polos espazos vitais e literarios de Eugénio de Andrade no Porto con Maria Bochicchio realizado polo CAFI o 14 de outubro de 2023
- 9 Asistencia aos XXV Encontros para a normalización lingüística no ensino organizados polo Consello da Cultura Galega o 17 de outubro de 2023
- 10 Asistencia á Gala de entrega de premios do XIII Certame Ouff Escola o 8 de novembro de 2023
- 11 Asistencia á Xornada de Toponimia organizada polo concello de Maceda no IES de Maceda o 21 de novembro de 2023
- 12 Asistencia á entrega dos premios Irmán Reboiras a proxectos de dinamización lingüística e á XIX Xornada de Normalización Lingüística de Ferega o 24 de novembro de 2023 no CCG



- 13 Asistencia ao Culturgal en Pontevedra para a entrega dos premios Nós tamén creamos! e a presentación do novo disco de Cholo e Nela, *Cholo e Nela, camiño de ida e volta*, o 1 de decembro de 2023
- 14 Presentación dunha nova edición da revista *Ágora do Orcellón* do Carballiño o 27 de xaneiro de 2024
- 15 Selección e apoio aos dous centros participantes da provincia no programa da SXL 21 días co galego e +, coordinado pola profesora Pilar Ponte : CEIP O Couto e CEIP Ramón Otero Pedrayo (O Barco de Valdeorras)
- 16 Reunións presenciais cos centros do Programa 21 días co galego e +
- 17 Asistencia á presentación virtual dos 21 días co galego e + con Pilar Ponte e o profesorado
- 18 Asistencia á presentación e clausura do Programa 21 días co galego e +
- 19 Asistencia ao II Encontro do Programa 21 días co galego e + na Cidade da Cultura o 21 de febreiro de 2024
- 20 Asistencia á reunión virtual de avaliación final do Programa 21 días co galego e +
- 21 Asistencia á entrega de premios de entroido a escolares da comarca do Carballiño na Insua dos Poetas o 24 de febreiro de 2024
- 22 Asistencia á presentación do novo disco de Cholo e Nela, *Cholo e Nela, camiño de ida e volta*, no teatro Lauro Olmo do Barco de Valdeorras o 14 de marzo de 2024
- 23 Asistencia á celebración do Día da Auga, a Árbore e a Poesía na Insua dos poetas para escolares da comarca do Carballiño organizado pola Fundación Insua dos Poetas o 21 de marzo de 2024
- 24 Participación no proceso de valoración dos proxectos de fomento do uso do galego como parte da comisión coa función de vogal e na elaboración de resumos dos centros públicos, privados e concertados
- 25 Asistencia á Festa da lingua de Ferega celebrada no CPR Santa Teresa-Carmelitas de Ourense o 22 de abril de 2024
- 26 Colaboración e asistencia á X Xornada das Letras Galegas Luísa Villalta, organizada pola SXL o 27 de abril de 2024
- 27 Asistencia e entrega de premios do XX Certame Frei Martín Sarmiento e Rec-Curta organizado por Escolas Católicas de Galicia-Ferega o 3 de maio de 2024
- 28 Asistencia á entrega de premios do Certame escolar de relato curto organizado polos centros de ensino do barrio do Couto de Ourense en colaboración coa Asociación Loureiro o 10 de maio de 2024



- 29 Asistencia á celebración das LG no CEIP Virxe de Covadonga de Ourense o 16 de maio de 2024
- 30 Asistencia ao Festival de Cans co CEIP Padre Feijoo de Allariz, premiados no concurso Nós tamén creamos!, o 24 de maio de 2024
- 31 Asistencia á entrega de premios do X Certame de Debuxo, Conto e Relato Falando de Solidariedade do CEIP Padre Crespo de Xunqueira de Ambía, este ano coa temática "Historias solidarias de superación ante a adversidade"
- 32 Colaboración e asistencia á X Xornada das Letras Galegas sobre Luísa Villalta
- 33 Asesoramento e seguimento dos centros que desenvolven os proxectos de innovación educativa en dinamización lingüística integrados no Plan Proxecta do curso 2023-2024
- 34 Participación na selección dos Premios de PIDL 2023-2024
- 35 Asistencia á estrea de *Mil estrelas, musical de musicais*, no IES Taboada Chivite de Verín o 20 de xuño de 2024. Organización para a súa representación no auditorio de Ourense o 24 de setembro de 2024
- 36 Revisión das memorias dos proxectos de fomento dos EDLG de centros públicos e privados (curso 2023-2024), e cotexo cos proxectos presentados
- 37 Elaboración de informes solicitados sobre actuacións da SXL relacionadas cos EDLG en concellos
- 38 Participación como membro do xurado no Certame de cine Ouff Escola
- 39 Impartición de tres cursos de galego telepresenciais a alumnado do Colegio Santiago Apóstol de Caracas (de outubro de 2023 á xuño de 2024, os luns e martes)
- 40 Selección e corrección lingüística de recursos e actividades de dinamización realizadas ao longo do curso nos centros escolares, para publicar na páxina web www.lingua.gal

Pontevedra - Coordinación Territorial dos EDLG

- 1 Revisión das memorias dos proxectos de fomento dos EDLG dos centros (convocatoria do 2023) e cotexo cos proxectos presentados
- 2 Participación na selección, asesoramento, seguimento e elaboración de informes dos centros que desenvolven os proxectos de innovación educativa en dinamización lingüística integrados no Plan Proxecta+ do curso 2023-2024.
- 3 Participación na Comisión de selección dos premios dos PIDL



- 4 Asistencia ás Xornadas Olladas no Pasado. 40 Anos da LNL, organizadas polo Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades
- 5 Asistencia á XIX Xornada de Dinamización Lingüística de Ferega
- 6 Seguimento dos proxectos didácticos Antonio Fraguas Fraguas integrados no Plan Proxecta +
- 7 Asistencia ao acto de presentación das exposicións gañadoras do Premio Antonio Fraguas Fraguas no Museo do Pobo Galego
- 8 Asistencia aos XXV Encontros para a Normalización Lingüística no ensino organizados polo Consello da Cultura Galega o 17 de outubro de 2023
- 9 Asistencia á entrega de premios NTC! e presentación de iniciativas de centros pontevedreses no Culturgal
- 10 Asistencia á inauguración da aula exterior Francisco Fernández del Riego no IES Castelao de Vigo.
- 11 Asistencia á presentación de traballos de centros na XXIV edición do Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra
- 12 Asistencia á Gala LG X 15. Ideas para o futuro da lingua, no Teatro Principal de Pontevedra o 28 outubro de 2023
- 13 Selección e corrección lingüística de recursos e actividades de dinamización realizadas ao longo do curso nos centros escolares, e descrición dalgúns para publicar no Portal da Lingua
- 14 Redacción dos borradores dos correos, coas achegas das outras coordinadoras, que se envían a todas as persoas coordinadoras dos centros públicos e privados (aproximadamente un ao mes)
- 15 Visita e entrega de material ás responsables das aulas hospitalarias do Hospital Provincial de Pontevedra e Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo
- 16 Divulgación e asistencia á Xornada de onomástica galega da RAG, con experiencias realizadas nos centros de ensino, no Museo de Pontevedra
- 17 Coorganización das comisións de valoración dos proxectos de fomento dos EDLG dos centros presentados na convocatoria do curso 2023-2024. Contacto cos colaboradores/as, organización do traballo e celebración das comisións en varias reunións virtuais
- 18 Participación no proceso de valoración dos proxectos de fomento do uso do galego como parte da comisión coa función de vogal e coordinadora e elaboración de resumos de, aproximadamente, 170 proxectos. Contacto cos colaboradores/as, organización do traballo e celebración das comisións en varias reunións virtuais



- 19 Participación na selección de traballos gañadores do Concurso-Exposición das Letras Galegas 2024
- 20 Colaboración e participación na X Xornada das Letras Galegas sobre Luísa Villalta
- 21 Asistencia á Xornada das Letras Galegas 2024 organizada pola SXL sobre Luísa Villalta
- 22 Selección e seguimento das actuacións dos tres centros participantes da provincia no programa da SXL 21 días co galego e +, coordinado pola profesora Pilar Ponte
- 23 Asistencia ás reunións iniciais nos centros do programa 21 días co galego e + , ao acto de inauguración no CEP Campolongo e ao de clausura no CEIP García Barbón e CEIP Pintor Laxeiro.
- 24 Asistencia e axuda na organización do II Encontro dos centros participantes do Programa 21 días co galego e + no Gaiás.
- 25 Asistencia ás reunións virtuais de Pilar Ponte (coordinadora do programa) cos coordinadores e coordinadoras dos 10 centros: inicio (programación) e fin do programa (valoración e suxestións de mellora)
- 26 Selección dos centros da provincia participantes no programa 21 días co galego e + para o curso 2024-2025: CEIP do Carballal, CEIP Sequelo e CEIP Cordo Boullosa.
- 27 Asesoramento presencial, por vía telefónica e telemática ás persoas coordinadoras dos EDLG e a calquera docente, particular ou entidade que o solicite por diversos motivos e cuestións que formulan (proxectos de fomento, PIDL, memorias, corrección lingüística, suxestión de actividades dinamizadoras etc.)
- 28 Visitas e entrega de materiais diversos da SXL (libros, xogos, exposicións...) a distintos centros educativos da provincia (ex. para os de infantil: *Divertímonos xogando coas nosas mans*)
- 29 Selección dos centros destinatarios dos obradoiros e exposición do programa de *pódcast* Xosé Mosquera, O Vello dos contos (e seguimento para a súa valoración)
- 30 Asistencia ao encontro dos tres centros de Vigo participantes no PIDL "Versoamos" na vila romana de Toralla
- 31 Asistencia a un dos concertos da orquestra e coro Son das Flores, un PIDL con mención de honra este curso



- 32 Xestións, xunto coa coordinadora de Ourense, para a posible colaboración entre dous centros de FP das dúas provincias nun proxecto de innovación en dinamización lingüística (IES da Cañiza e CIFP Portovello)
- 33 Asistencia, xunto co director territorial, á inauguración da XXIV Mostra de Teatro de Ensino Secundario do Morrazo.
- 34 Preparación e realización de tres reunións presenciais de inicio de curso coas persoas coordinadoras dos centros da provincia, en Caldas de Reis, Vigo e Pontevedra
- 35 Elaboración de informes solicitados sobre actuacións da SXL relacionadas cos EDLG en concellos da nosa provincia
- 36 Asistencia ás reunións de organización do traballo coas coordinadoras das outras provincias e a coordinadora central
- 37 Asistencia á estrea do renovado musical *Os miserábeis*, do IES Illa de Ons de Bueu, xunto co director territorial e o conselleiro de Educación

Santiago de Compostela - apoio á coordinación central dos EDLG

- 1 Participación na selección de proxectos do certame OUFF Escola, convocado polo Concello de Ourense coa colaboración da SXL
- 2 Asistencia á entrega de Premios do certame OUFF Escola en Ourense
- 3 Asistencia á clausura do programa 21 días co galego e + na Cidade da Cultura
- 4 Participación no proceso de valoración dos Proxectos de Fomento (provincia de Pontevedra)
- 5 Participación no proceso de selección de proxectos Concurso Antón Fraguas, organizado polo Museo do Pobo Galego, en colaboración coa Secretaría Xeral da Lingua
- 6 Participación no proceso de selección de traballos do Concurso DígochoEu, convocado por CRTVG, en colaboración coa Secretaría Xeral da Lingua
- 7 Asistencia á gala dos premios DígochoEu
- 8 Colaboración na xestión de actuacións para a dinamización lingüística dos centros de ensino
- 9 Participación na xestión de programas, proxectos de dinamización da lingua e certames organizados ou apoiados pola Secretaría Xeral da Lingua
- 10 Realización de traducións galego-inglés e inglés-galego para a SXL
- 11 Participación como membro da Comisión de Selección do Concurso Lingua de Namorar



- 12 Colaboración na organización e distribución de material bibliográfico da SXL aos centros educativos e a distintas entidades
- 13 Asistencia á X Xornada do Día das Letras Galegas (Luísa Villalta)
- 14 Asistencia á reunión inicial dos 21 días co galego e + con Pilar Ponte e o profesorado
- 15 Participación na Comisión de selección dos proxectos NTC!, organizado pola editora OQO, en colaboración coa Secretaría Xeral da Lingua
- 16 Asistencia aos XXV Encontros para a Normalización Lingüística no Consello da Cultura Galega

Santiago de Compostela- Coordinación Central dos EDLG

- 1 Revisión, corrección e asesoramento de diverso material
- 2 Organización do acto de entrega dos premios aos centros gañadores do concurso de curtas de animación NTC! no Culturgal de Pontevedra, e asistencia a este (decembro 2023)
- 3 Participación na Comisión de Selección e asistencia á entrega dos Premios Irmáns Reboiras a proxectos de dinamización lingüística de Ferega (novembro 2023)
- 4 Asistencia á Xornada de Normalización Lingüística de Ferega (novembro 2023)
- 5 Asistencia ás Xornadas "Olladas no Pasado. 40 anos da LNL" organizadas polo Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades
- 6 Xestión do Programa 21 días co galego e +: colaboración coa coordinadora Pilar Ponte na revisión lingüística dos guións, dos vídeos e das entradas para o blog; revisión dos carteis; xestión da elaboración de chapas e camisetas, e envío destes e dos carteis para os centros participantes
- 7 Asistencia á inauguración do Programa 21 días co galego e + no CEIP López Ferreiro de Santiago de Compostela
- 8 Organización e asistencia ao II Encontro do Programa 21 días co galego e + na Cidade da Cultura con todos os centros participantes na edición de 2024.
- 9 Organización, xunto coas demais coordinadoras e o coordinador do CAFI, da Xornada do Día das Letras Galegas. Luísa Villalta (elaboración do programa, xestión dos relatorios, cátering, xantar, axudas de custo...)
- 10 Participación como xurado na selección dos centros gañadores do Concurso de *Podcasts* en galego Xosé Mosquera Pérez no IES Rosalía de Castro
- 11 Participación como membro do xurado no Concurso Novos Talentos de Coca-Cola (busca do estímulo colectivo e selección de relatos premiados). Asistencia á reunión do xurado
- 12 Asesoramento presencial e telemático sobre a exposición premiada no Concurso-exposición das Letras Galegas 2024 na categoría A no CEIP Raquel Camacho da Coruña



- 13 Asesoramento presencial e telemático sobre a exposición premiada no Concurso-exposición das Letras Galegas 2024 na categoría B no CIFP A Carballeira-Marcos Valcárcel de Ourense
- 14 Xestión das actividades relacionadas co Concurso-Exposición das Letras Galegas: participación na Comisión de Selección, elaboración do informe dos premiados, contactos cos dous centros, revisión, corrección e edición das exposicións, guías didácticas, marcapáxinas, carteis A3, diplomas, cheques, cartas, organización de actos de entrega de premios, solicitude de certificacións, revisión do repousacabezas etc.
- 15 Xestión e asistencia ao acto de entrega dos premios do Concurso-exposición das Letras Galegas 2024 na categoría A, no CEIP Raquel Camacho da Coruña, e na categoría B, no CIFP A Carballeira-Marcos Valcárcel de Ourense (maio)
- 16 Participación na Comisión de Selección dos PIDL. Xestión do programa: selección de centros de Proxecta, descarga de todo o material a través do Rexel, avaliación das solicitudes e memorias en Proxecta, elaboración do informe final dos proxectos presentados, que foron previamente avaliados e informados polas coordinadoras territoriais, solicitude de certificacións, da dotación económica...
- 17 Participación na Comisión de Selección do Concurso Nós tamén creamos! Xestión do programa e do certame: selección e revisión de álbums ilustrados, revisión das unidades didácticas do curso en liña, selección de centros de Proxecta, avaliación das solicitudes e memorias en Proxecta, descarga da documentación no Rexel e das curtas enviadas, e distribución destas aos demais membros do xurado, solicitude de certificacións, actualización das fichas etc.
- 18 Solicitude ás coordinadoras e envío de informes sobre actuacións da SXL relacionadas cos EDLG en diversos concellos
- 19 Corrección lingüística e envío ao Portal da lingua galega de recursos e actividades de dinamización realizados nos centros e enviados polas coordinadoras territoriais
- 20 Asistencia e entrega de premios do Certame Frei Martín Sarmiento e Rec-Curta organizados por Escolas Católicas de Galicia – Ferega (xuño 2024)
- 21 Revisión e avaliación das memorias dos PIDL e NTC! entregadas a través de Proxecta. Comprobación da documentación

As coordinadoras provinciais e central forman parte do persoal avaliador e de apoio das probas Celga que se desenvolven as fins de semana. Así mesmo, tamén participan nos tribunais das oposicións do ensino ou da administración. Este labor solicítao a SXL e realízase fóra da xornada laboral.



Propostas de actuacións para o curso 2024 -2025

Convén manter as iniciativas que funcionan e teñen un impacto positivo na dinamización da lingua, en especial na oralidade. Sería importante promover proxectos (e cursos de lingua) dirixidos á educación primaria, pois detéctanse grandes carencias (de formación e coñecemento da lingua), en concreto no profesorado de infantil e primaria, que demanda actualización de coñecementos. Esta etapa constitúe un importante alicerce na formación da rapazada.

1 Axudas e subvencións aos proxectos de fomento

Suxírese incrementar a dotación destas axudas e subvencións, de acordo cos pedimentos reiterados que se observan nas memorias dos centros. Proponse estudar a viabilidade de incluír as actividades do 2º-3º trimestres do 2024 e 1º trimestre do 2025. E, sobre todo, pídese revisar os parámetros de baremación: non pode outorgarse unha mínima e unha máxima (nesta última dúplícanse as cantidades) a dous proxectos cuxa diferenza entre eles é unicamente de dous puntos.

Unha das coordinadoras propón que a avaliación de calidade dos proxectos das catro provincias sexa conxunta, repartindo o mesmo número de centros en cada comisión, para evitar o desequilibrio de traballo entre unhas provincias e outras e facer valoracións máis xustas entre provincias.

Cómpre revisar a convocatoria destas axudas: primeiro, porque se conceden moi tarde, cando o curso xa rematou, e son axudas para as actividades do curso actual; segundo, estanse premiando proxectos que moitas veces quedan niso, en proxectos, e que logo nas memorias non recollen o que se anuncia; e xa para rematar, sería bo reducir o proceso burocrático, pois os docentes xa teñen suficiente carga de traballo. Xa que logo, sería bo revisar e reformular estas axudas.

2 Proxectos de Innovación Educativa en dinamización lingüística

Na ficha técnica do programa en Proxecta e na convocatoria hai que facer fincapé en que presenten proxectos con actividades centradas no emprego das TIC, na oralidade e na dinamización da lingua mediante materiais de gamificación en liña. Hai que darlle unha volta á convocatoria. Estamos premiando "proxectos" (no sentido estrito da palabra) que logo nas memorias non cumpren cos obxectivos que indicaban, non hai evidencias abondas. É necesario saber o que se premia, isto é, con base nos proxectos realizados efectivamente.

3 Programa Nós tamén creamos!

A partir deste curso 2024-2025, nas unidades didácticas da docencia que imparten os membros de OQO incorporáronse videotutoriais. Mantéñense os accésits, un para cada categoría (con certificación de accésit para o profesorado). Aumentouse o



número de categorías, cunha nova para 5º e 6º de primaria. Tamén imos reformular a convocatoria dos premios, e adiantar un pouco todo o proceso para que a resolución e acto de entrega dos premios se faga antes de rematar o curso escolar.

E hai que reconsiderar a posibilidade de buscarlle un lugar máis visible no noso Portal da lingua a todas as curtas premiadas, pois non podemos depender unicamente da web da CRTVG, que xa vimos que este curso perdeu todas as curtas premiadas ata o de agora.

E xa por último, inserir na convocatoria deste ano que o agasallo de acudir ao festival de Cans lle corresponderá á curta que o xurado considere excelente dentro das premiadas.

4 Concurso-exposición Letras Galegas

Unha vez máis, cómpre deixarles moi claro aos centros gañadores que son precisas correccións (ortográficas, de estilo, de edición...) para un traballo que vai chegar a todos os centros galegos e do exterior, tentando desvirtuar o menos posible os proxectos orixinais. .

Ademais de facer a publicación dixital, continúaase coa distribución das exposicións en papel. Este curso detectáronse varias incidencias debidas a que o servizo de mensaxería contratado pola empresa adjudicataria da impresión e distribución facía as entregas dos carteis e guía polas tardes, cando non hai horario lectivo e os centros están pechados; noutros casos as exposicións non chegaron ou fixérono con atraso. Pero o máis preocupante e grave é que foron varios os centros do exterior aos que non chegou, como París, Baía, Sao Paulo, Río de Xaneiro, Alacante, País Vasco, Algarve... Non sabemos cantos puideron ser; reclamóuselle á empresa adjudicataria o certificado das entregas feitas no exterior e non o fixo. Cómpre tratar este tema con seriedade porque non é pequena a cantidade económica que se paga por un traballo do que non temos garantías.

5 Xornada do Día das Letras Galegas

Unha das coordinadoras provinciais achega varias suxestións respecto desta xeira:

- Reorientar esta xornada formativa cara á dinamización.
- Priorizar as actividades dinamizadoras (recursos, materiais etc.) dos equipos fronte aos contidos teóricos.
- Presentar relatorios adaptados a docentes de distintos niveis educativos (non só a profesorado de LGL de BAC).
- Pór en valor o labor dinamizador das persoas e dos centros que desenvolven as actuacións (presentacións, programas...)

6 Concurso de *podcasts* Xosé Mosquera Pérez

En caso de mantelo, é preciso ter en conta as observacións indicadas no apartado correspondente con respecto á persoa que o xestiona. En canto aos obradoiros de



podcast, é importante que a súa distribución a realicen as coordinadoras provinciais.

7 Programa 21 días co galego e +

As coordinadoras territoriais seleccionaron os centros antes do verán, algo que permite ampliar o tempo da primeira fase, de preparación, e que os centros poidan incluír a iniciativa no PFPP e noutros programas. Os centros elixidos para o próximo curso son os seguintes:

- CEIP Plurilingüe do Carballal (Marín, Pontevedra)
- CEIP de Sequelo (Marín, Pontevedra)
- CEIP Manuel Cordo Boullosa (Ponte Caldelas, Pontevedra)
- CEIP Albeiros (Lugo)
- CEIP Illa Verde (Lugo)
- CEIP Julio Gurriarán (Ourense)
- CEIP Manuel Respino (Ourense)
- CEIP Vales Villamarín (Betanzos, A Coruña)
- CPI As Mirandas (Ares, A Coruña)
- CPR A Grande Obra de Atocha (A Coruña)

Para este curso 2024-2025 prevese incorporar algunha actividade lúdica ao programa, como contacontos, talleres de regueifa e actuacións musicais, que se desenvolverán nos centros participantes.

Pilar Ponte, a xestora do programa, propuxo convidar nesta edición aos centros que interviñeron en edicións anteriores para que presenten algunha actividade para incorporar ao blog durante o seu desenvolvemento, e deste xeito ir ampliando a rede de participación.

8 Encontro 21 días co galego e +

En vista do seu enorme éxito convén mantelo nas vindeiras edicións do programa 21 días co galego e +. É importante ter presente que no Auditorio Fontán da Cidade da Cultura non hai sistema de iluminación e son, que hai que contratar á parte. É tamén conveniente contar coa colaboración de todas as coordinadoras (territoriais, de apoio e central), que na primeira edición foron imprescindibles para dirixir o alumnado cara ao *photo call* con Esther Estévez e cara ao seu lugar no auditorio e para solucionar as incidencias nas horas de chegadas dos buses, por exemplo.



9 Webinarios sobre ciencia en colaboración con Igaciencia

Está previsto volver realizar, coa colaboración de iGaciencia e co patrocinio da SXL, unha serie de videoconferencias para os centros educativos no mes de novembro.

10 Plan Proxecta+: Fitofaladoiro

Moitos docentes, coordinadores ou non do EDLG, amosan o seu interese en participar no Fitofaladoiro, un dos catro programas da SXL integrados no Plan Proxecta+. Non obstante, dende as coordinacións provinciais non teñen opción de seleccionar nin facer propostas de centros que o solicitan. Podería estudarse a posibilidade de colaborar na escollo dos participantes e atender así, directamente, estas peticións do profesorado interesado.

11 Exposición "O amencer da humanidade. O primeiro poboamento de Galicia"

Exposición que dá a coñecer as últimas investigacións no ámbito da prehistoria en Galicia. Alén doutros materiais, a mostra inclúe seis paneis informativos en formato *rollup*, réplicas de materiais arqueolóxicos, un audiovisual explicativo e dúas unidades destinadas a educación primaria e secundaria respectivamente. Logo da inauguración da exposición no CIFP Compostela de Santiago e das visitas dos centros da contorna de Lamas de Abade o pasado mes de febreiro, está prevista a itinerancia por varios centros da Coruña (CIFP Ánxel Casal -Montealto, EPA Eduardo Pondal...).

De non haber demanda doutras provincias, o vindeiro curso completaranse as itinerancias polos centros interesados da cidade da Coruña que, por falta de tempo, non puideron dispor dela ao longo do curso 2023-2024: CEIP Ramón de la Sagra, CEIP Plurilingüe Manuel Murguía, CEIP Ramón Otero Pedrayo da Laracha etc.

Convén seguir realizando itinerancias desta exposición por centros seleccionados polas coordinadoras ou centros que o soliciten. A fórmula de cesión temporal aos centros, que deben encargarse do transporte, montaxe e desmontaxe, que se experimentou con esta exposición, mostrouse efectiva.

12 Divulgación de material audiovisual

Cómpre difundir nos centros o material audiovisual de Proxector, do Consello da Cultura Galega):

<http://consellodacultura.gal/especiais/proxector/#gsc.tab=0>

<https://view.genial.ly/631629df338b630018e2c6aa/interactive-content-proxector-a-educacion>

Tamén se pode divulgar a plataforma Fiestra, da Academia Galega do Audiovisual: <https://fiestra.gal/>

Outra novidade é *Recursos e novas metodoloxías para as aulas de lingua galega e literatura*, <https://consellodacultura.gal/publicacion.php?id=4509>



E é importante seguir a divulgar (a través de informacións dosificadas nos correos electrónicos que envían as coordinadoras) os produtos audiovisuais do Fondo FalaRedes.

13 Portal da lingua galega: sección EDLG

Ademais das suxestións indicadas nas memorias de cursos anteriores (reorganizar as seccións do "botón" Datas sinaladas" por orde cronolóxica), urxe cada vez máis unha reestruturación dos recursos que resulte máis operativa e, sobre todo, unha nova catalogación dos contidos que responda máis adecuadamente á tipoloxía e á presentación das actuacións que hoxe en día desenvolven os EDLG.

Tamén cumpriría continuar a actualización do "botón" do PLC iniciada a finais do curso pasado, e incluír un proxecto modelo dun centro de educación secundaria, tal e como estaba previsto.

14 Compra de materiais para os EDLG

Suxírese planificar a compra de material bibliográfico que supla a escaseza de títulos nalgún dos niveis (en especial de secundaria) e de temática atractiva para este (narrativa, teatro, banda deseñada...).

15 Propostas de publicacións

Comer e ler en galego: Libro de cociña editado polo CIFP Paseo das Ponte que inclúe receitas tradicionais versionadas con novas técnicas culinarias polo alumnado e profesorado de Cociña e Gastronomía. Alén diso, a publicación tamén contén poemas de Julio López e fotografías de Alejandro Veira, ambos os dous alumnos do centro. O proxecto recibiu un accésit nos PILD de 2023. A raíz deste recoñecemento, propúxose realizar unha edición promovida pola SXL.

Pezas teatrais para as aulas de primaria: Compilación de pezas de teatro escritas por profesorado desta etapa para fomentar a oralidade entre o alumnado de primaria. A escaseza de obras axeitadas para as nenas e os nenos destes niveis animou un grupo de docentes a escribir estas breves obras, que xe foron representadas, con notable éxito, en varios centros da contorna da Coruña. Este traballo está á disposición da SXL para os usos que se consideren axeitados.

Doutra banda, Francisco Javier Frías Conde, nun relatorio das Xornadas de normalización lingüística de Ferega, presentou os beneficios destas formas breves de teatro, que moitas veces están vinculadas ao humor, para o fomento da lingua e en especial da oralidade. Ten varias obriñas en galego de pezas de microteatro, como *A cabana das valquirias e outras pezas* (2023), e ten previsto publicar un manual de microteatro, unha obra teórica sobre o tema, que se poderían mercar para distribuír nos centros.

(as propostas seguintes son de etapas anteriores)



Certame de Ciencia en Galego na Casa

Premiaría producións audiovisuais en galego, de temática científica, dun máximo de 5 m, incluídos os créditos, e de formato libre (presentación de experimentos, documental, docu-ficción, reportaxe, entrevista, curta, ficción, animación). O ámbito temático entenderíase nun sentido amplo (pode incluír a visualización da muller na ciencia, científicos/as galegos/as, a ciencia do cotián, o protagonismo galego nos experimentos científicos... Proponse, de ser posible, publicar a convocatoria en outubro, presentala o Día da Ciencia e dar de prazo un mes. Podería realizarse en colaboración con iGaciencia.

Plataforma para potenciar o galego a través da gamificación

Creación dunha plataforma ou espazo web onde poder publicar estes materiais que van xurdindo nos centros. Durante o confinamento fíxose evidente a necesidade de materiais nos que o galego estea asociado á gamificación. A aprendizaxe e o uso lúdicos resulta sempre do gusto do alumnado e pode resultar especialmente útil.

Creación dun blog dos EDLG semellante ao de Bibliotecas Escolares ou de Aulas Galegas

Nel poderíanse colocar os materiais máis interesantes da sección dos EDLG, moitos que son de cursos anteriores e que agora xa non poden estar visibles ou tan visibles. Iso permitiría alixeirar o Portal da lingua galega e que fose máis rápido o acceso á información contida nel.

Convocatoria de premios á calidade lingüística dos traballos de fin de ciclo en galego de formación profesional

Certame que premiaría a calidade lingüística dos traballos de fin de ciclo en galego de formación profesional (hai uns anos, o IES Lamas de Abade presentou este proxecto na SXL e realizáronse dúas reunións co secretario xeral). A convocatoria estaría dirixida a todos os centros que imparten FP, non só restrinxida ao IES Lamas de Abade de Santiago de Compostela.

Convocatoria de premios á calidade lingüística dos proxectos de fin de estudos das distintas especialidades impartidas nos conservatorios profesionais de música de toda Galicia

A proposta sería similar á anterior, pero destinada aos conservatorios de música (superiores e profesionais). Nos últimos cursos, algúns conservatorios tamén están desenvolvendo esta iniciativa cunha acollida excelente.

Carmen Nogueira Blanco

Santiago de Compostela, 29 de agosto de 2024